

# Vidas imaxinarias

Marcel Schwob

Tradución de Perfecto Andrade



# Marcel Schwob

## Vidas imaxinarias

Tradución de Perfecto Andrade

### Prefacio

*A ciencia histórica déixanos na incerteza sobre os individuos. Só nos revela os puntos polos que se vincularon ás accións xerais. Dinos que Napoleón estaba doente o día de Waterloo, que hai que atribuí-la excesiva actividade intelectual de Newton á continencia absoluta do seu temperamento, que Alexandre estaba bébedo cando matou a Clitos e que a fistula de Luís XIV puido se-la causa dalgunhas das súas resolucións. Pascal razoa sobre se o nariz de Cleopatra fora máis curto, ou sobre un gran de area na uretra de Cromwell. Todos eses feitos individuais só teñen valor porque modificaron os acontecementos ou porque puideron desvia-la súa sorte. Son causas reais ou posibles. Hai que deixalas ós eruditos.*

*A arte está no lugar oposto ás ideas xerais, só describe o individual, só desexa o único. Non clasifica; desclasifica. No que a nós nos ocupa, as nosas ideas xerais poden parecerse ás que teñen curso no planeta Marte e tres liñas que se cortan forman un triángulo en tódolos puntos do universo. Pero ollade a folla dunha árbore, coas súas nervacións caprichosas, as súas tinguiduras variadas pola sombra e o sol, a inchazón que levantou nela a caída dunha gota de chuvia, a picadura que deixou un insecto, o rastro arxentífero do caracoliño, o primeiro dourado mortal que o outono marca nela; procurade unha folla exactamente semellante en tódalas grandes fragas da terra: desafiovos. Non hai ciencia do tegumento dun folíolo, dos filamentos dunha célula, da curvatura dunha vea, da teima dun hábito, das voltas dun carácter. Que tal home tivese o nariz torto, un ollo máis alto có outro, a articulación do brazo nodosa; que estivese afeito a comer a tal hora unha peituga de polo, que preferise o Malvoisie ó Château-Margaux, iso é o que non ten paralelo no mundo. Do mesmo xeito que Sócrates, Tales podería ter dito GNOSCIEAUTON pero non fregaría a perna da mesma maneira na cadea, antes de bebe-la cicuta. As ideas dos grandes homes son o patrimonio común da humanidade: cada un deles só posuía en verdade as súas rarezas. O libro que describise un home en tódalas súas anomalías sería unha obra de arte coma unha estampa xaponesa na que se ve perpetuamente a imaxe dun verme visto unha vez a unha hora precisa do día.*

*As historias quedan silenciosas sobre esas cousas. Na ruda colección de materiais que procuran as testemuñas, non hai moitas rupturas singulares e inimitables. Os biógrafos antigos son especialmente avarentos. Non estimando a penas máis que a vida pública e a gramática, transmitíronnos dos grandes homes os seus discursos e os títulos dos seus libros. É o mesmo Aristófanes quen nos deu a ledicia de saber que era calvo, e se o nariz chato de Sócrates non servise a comparacións literarias, se o seu costume de andar cos pés descalzos non fixese parte do seu sistema filosófico de desprezo polo corpo, só conservaríamos del os seus interrogatorios de moral. Os contos de Suetonio non son máis que polémicas odiosas. O bo xenio de Plutarco fixo del ás veces un artista; pero non soubo comprende-la esencia da súa arte, xa que imaxinou 'paralelos'—¡coma se dous homes propiamente descritos en tódolos seus detalles puidesen parecerse!—. Estamos reducidos a consultar a Ateneo, Aulo Xelio, os escoliastas e Dióxenes Laercio quen creu que compuxera unha especie de historia da filosofía.*

*O sentimento do individual desenvolveuse máis nos tempos modernos. A obra de Boswell sería perfecta se non tivese considerado necesario citar nela a correspondencia de Johnson e digresións sobre os seus libros. As Vidas de persoas eminentes de Aubrey proporcionan máis satisfacción. Aubrey tivo, sen ningunha dúbida, o instinto da biografía. ¡Que aburrido é que o estilo deste autor non estea á altura da súa concepción! O seu libro sería o recreo perpetuo dos espíritos avisados. Aubrey nunca sentiu a necesidade de establecer unha relación entre detalles individuais e ideas xerais. Chegáballe que outros marcasen para a celebridade os homes polos que se interesaba. O máis do tempo non se sabe se é que se trata dun matemático, dun home de Estado, dun poeta ou dun reloxeiro. Pero cada un deles ten o seu trazo único, que o diferencia para sempre entre os homes.*

*O pintor Hokusai esperaba acadar, cando tivese cento dez anos, o ideal da súa arte. Neste momento, dicía, cada punto, cada liña trazados polo seu pincel estarían vivos. Por vivos entendede individuais. Nada máis*

semellante cós puntos e as liñas: a xeometría fúndase sobre este postulado. A arte perfecta de Hokusai esixía que nada fose máis diferente. Así, o ideal do biógrafo sería diferenciar infinitamente o aspecto de dous filósofos que inventaron máis ou menos a mesma metafísica. Velaí por qué Aubrey, que se vincula unicamente ós homes, non acada a perfección, xa que non soubo culmina-la milagrosa transformación da similitude na diversidade que esperaba Hokusai. Pero Aubrey non chegara á idade de cento dez anos. É ben digno de estima sen embargo, e dábase conta do alcance do seu libro. “Lémbrome”, di, no seu limiar a Anthony Wood, “dun dito do xeneral Lambert –that the best of men are but men at the best–, do que atoparedes diversos exemplos nesta ruda e apresurada colección. Tamén eses arcanos non deberán exporse á luz senón dentro de aproximadamente trinta anos. É conveniente, en efecto, que o autor e os personaxes (semellantes ás néspersas) podrezan antes.”

Poderínase descubrir nos predecesores de Aubrey algúns rudimentos da súa arte. Deste xeito, Dióxenes Laercio apréndenos que Aristóteles levaba sobre o bandullo unha bolsa de coiro chea de aceite quente e que atoparon na súa casa, logo de morto, unha morea de vasos de terra. Non saberemos xamais o que Aristóteles pensaba facer con todo ese material de alfar. E o misterio é tan agradable coma as conxecturas ás que nos abandona Boswell sobre o uso que facía Johnson das tonas de laranxa secas que tiña o hábito de gardar nos petos. Aquí, Dióxenes Laercio erguese case ata o sublime do inimitable Boswell. Pero estes son raros praceres. Mentres que Aubrey nolos dá case en cada liña. Milton, dinos, “pronunciaba a letra R moi dura”. Spenser “era un home pequeno, levaba o pelo curto, unha gorgueiriña, e uns pequenos puños de camisa”. Barclay “vivía en Inglaterra en certa época tempore R. Jacobi. Era entón un home vello, de barba branca, e levaba un sombreiro de pluma, o que escandalizaba a algunhas persoas severas”. A Erasmo “non lle gustaba o peixe, malia nacer nunha vila pesqueira”. Para Bacon, “ningún dos seus servidores ousaba aparecer diante del sen botas de coiro de España; pois axiña ulía o cheiro do coiro de becerro, que o incomodaba”. O doutor Fuller “afundíase tanto no traballo que, paseando e meditando antes de cear, comía un pan de dous pesos sen decatarse”. Sobre Sir William Davenant fai esta observación: “Estiven no seu enterro, tiña un cadaleito de nogueira. Sir John Denham dixo que era o cadaleito máis bonito que nunca vira.” A propósito de Ben Johnson escribe: “Óinlle dicir a M. Lacy, o actor, que tiña o costume de levar un abrigo semellante ós abrigos dos cocheiros, con fendas baixo as axilas.” Velaquí o que chama a atención de William Prynne: “O seu xeito de traballar era así. Puña un longo gorro de piqué que lle caía nos ollos polo menos dúas ou tres polgadas e que lle servía de pantalla para protexe-los ollos da luz, e cada tres horas aproximadamente, o seu servente tíñalle que levar un pan e unha xerra de cervexa para refocilarlle os ánimos; de xeito que traballaba, bebía e roía o seu pan, e isto tíñao entretido ata a noite, na que facía unha boa cea.” Hobbes “volveuse moi calvo na súa vellez; nembargantes, na súa casa tiña o hábito de estudar coa testa descuberta e dicía que nunca o collía o frío pero que o seu maior traballo era impedir que as moscas viñesen pousarlle sobre a calva. Non nos di nada da Oceana de John Harrington pero cóntanos que o autor “Anno Domini 1660, foi enviado prisioneiro á Torre, onde o custodiaron, e despois a Portsley Castle. A súa estadía nestas cadeas (sendo un cabaleiro de alto espírito e de testa quente) foi a causa procatártica do seu delirio ou da súa tolemia que non foi furiosa –xa que conversaba bastante asisadamente e era de sociedade ben agradable; pero deu na teima de que a súa suor convertíase en moscas e ás veces en abellas, ad cetera sobrius; e fixo construír unha caseta transformable con pranchas no xardín de M. Hart (fronte a St James’s Park) para face-la proba. Virábaa cara ó sol e sentaba cara a ela, despois facía trae-las súas colas de raposo para espantar e matar tódalas moscas e abellas que descubrisen nela; despois pechaba o artefacto. Pero só facía esta experiencia na estación cálida, de xeito que algunhas moscas disimulábanse nas fendas e nas pregas dos panos. Ó cabo dun cuarto de hora quizais, a calor facía que saíse do seu burato unha mosca, ou dúas, ou máis. Entón el berraba: “¿Non vedes claramente que saen de min?”

Velaí o que nos di de Meriton. “O seu verdadeiro nome era Head. M. Bovey coñecía ben. Nado en... Era libreiro en Little Britain. Estivera entre os bohemios. Tiña pinta de aleuto cos seus ollos burlóns. Podía cambiarse en calquera forma. Fixo bancarrota dúas ou tres veces. Foi á fin libreiro, ou cara á fin. Gañaba a vida cos seus garabatos. Pagábanlle vinte xilíns por folla. Escribiu varios libros: *The English rogue*, *The Art of Wheadling*, etc. Afogou indo cara a Plymouth nun mar cheo arredor de 1767, tiña uns 50 anos.”

Por último hai que cita-la súa biografía de Descartes:

Meur. RENATUS DES CARTES.

“Nobilis Gallus, Perroni Dominus, summus Mathematicus et Philosophus, natus Turonum, pridie Calendas Apriles 1596. Denatus Holmiae, Calendis Februarii, 1650. (Atopo esta inscrición baixo o seu retrato por C.V. Dalen.) Cómo pasaba o tempo na súa mocidade e por qué método se fixo tan sabio, cóntallo ó mundo no seu tratado que leva por título *De la méthode*. A Compañía de Xesús págase de que a orde tivese a honra da súa educación. Viviu varios anos en Egmont (cerca da Haia) onde datou varios dos seus libros. Era home demasiado sabio para cargar cunha muller; pero, sendo home, tiña os desexos e os apetitos dun home;

*mantíña pois unha fermosa moza de boa condición que amaba, e da que tivo algúns fillos (creo que dous ou tres). Sería ben sorprendente que nados dos riles dun tal pai non recibisen unha boa educación. Era tan eminentemente sabio que tódolos sabios o ían visitar e moitos deles pedíanlle que lles amosase os seus... de instrumentos (nesa época a ciencia matemática estaba fortemente vinculada ó coñecemento dos instrumentos e, así o dicía Sr. H. S., á práctica dos tornos). Entón el sacaba un caixonciño de baixo da mesa e amosáballes un compás que tiña un dos brazos roto; e ademais como regra utilizaba unha folla de papel dobrada en dúas.”*

*É obvio que Aubrey tivo a conciencia perfecta do seu traballo. Non creades que descoñecía o valor das ideas filosóficas de Descartes ou de Hobbes. Non era iso o que lle interesaba. Dinos ben claro que o mesmo Descartes expuxo o seu método ó mundo. Non ignora que Harvey descubriu a circulación do sangue; pero prefire anotar que ese grande home pasaba os seus insomnios a pasear en camisa, que tiña mala escritura, e que os máis célebres médicos de Londres non darían un peso por unha das súas receitas. Está seguro de iluminarnos sobre Francis Bacon cando nos explica que tiña o ollo vivo e delicado, cor abelá, e semellante ó ollo dunha víbora. Pero non é un artista tan grande coma Holbein. Non sabe fixar para a eternidade un individuo polos seus trazos especiais sobre un fondo de semellanza co ideal. Dálle vida a un ollo, ó nariz, á perna, ó aceno dos seus modelos: non sabe anima-la figura. O vello Hokusai vía ben que cumpría chegar a facer individual o que é máis xeral. Aubrey non tivo a mesma penetración. Se o libro de Boswell entrase en dez páxinas sería a obra de arte esperada. O sentido común do doutor Johnson componse dos lugares comúns máis vulgares; expresado coa violencia estraña que Boswell soubo pintar, ten unha calidade única neste mundo. Só que este catálogo pesado asemella ós dicionarios mesmos do doutor; poderíase sacar unha Scientia Johnsoniana, cun índice. Boswell non tivo a coraxe estética de elixir.*

*A arte do biógrafo consiste xustamente na elección. Non ten que preocuparse de ser verdadeiro; debe crear nun caos de trazos humanos. Leibnitz di que para face-lo mundo, Deus escolleu o mellor dos posibles. O biógrafo, coma unha divindade inferior, sabe elixir entre os posibles humanos, o que é único. Non debe enganarse sobre a arte máis do que Deus se enganou sobre a bondade. É necesario que o instinto dos dous sexa infalible. Pacientes demiúrgos reuniron para o biógrafo ideas, movementos de fisionomía, acontecementos. A obra deles atópase nas crónicas, nas memorias, nas correspondencias e nas escolmas. No medio desta basta reunión, o biógrafo criba de qué compoñer unha forma que non se pareza a ningunha outra. Non é útil que sexa semellante á que foi creada noutro tempo por un deus superior, con tal de que sexa única, coma toda outra creación.*

*Por desgracia, os biógrafos creron de ordinario que eran historiadores. E deste xeito priváronnos de retratos admirables. Supuxeron que só a vida dos grandes homes podía interesarnos. A arte é allea a estas consideracións. Ós ollos do pintor o retrato dun home descoñecido de Cranach ten tanto valor coma o retrato de Erasmo. Non é polo nome de Erasmo polo que ese cadro é inimitable. A arte do biógrafo sería a de darlle o mesmo prezo á vida dun pobre actor que á vida de Shakespeare. É un instinto baixo o que nos fai notar con pracer o acurtamento do esternocleidomastoideo no busto de Alexandre, ou a guedella na fronte do retrato de Napoleón. O sorriso de Monna Lisa, do que non sabemos nada (pode se-la cara dun home) é máis misterioso. Un aceno debuxado por Hokusai leva a meditacións máis profundas. Se se intentase a arte na que sobresaíron Boswell e Aubrey, sen dúbida non cumpriría describir minuciosamente o home máis grande do seu tempo, ou anota-la característica dos máis célebres no pasado, senón contar coa mesma preocupación as existencias únicas dos homes, fosen divinos, mediocres ou criminais.*

## EMPÉDOCLES

Deus suposto

Ninguén sabe cál foi o seu nacemento, nin cómo chegou á terra. Apareceu preto das ribeiras douradas do río Acragas, na fermosa cidade de Agrixento, un pouco despois do tempo no que Xerxes mandou golpear-lo mar con cadeas. A tradición só conta que o seu avó chamábase Empédocles: ninguén o coñeceu. Sen dúbida, hai que entender isto como que era fillo del mesmo, como convén a un Deus. Pero os seus discípulos aseguran que antes de percorrer na súa gloria os campos de Sicilia xa pasara catro existencias no noso mundo, e que fora planta, peixe, paxaro e moza. Portaba un manto de púrpura sobre o que recaían os seus longos cabelos; tiña arredor da testa unha banda de ouro, nos pés sandalias de bronce, e levaba grilandas trezadas con la e loureiro.

Pola imposición das mans curaba ós enfermos e recitaba versos, ó xeito homérico, con acentos pomposos,

subido nun carro, coa testa ergueita cara ó ceo. Unha morea de xente seguía e prosternábase diante del para escoita-los seus poemas. Baixo o ceo puro que alumea os trigos, os homes viñan de todas partes cara a Empédocles cos brazos cargados de ofrendas. Tíñaos pasmados cantándolle-la bóveda divina, feita de cristal, a masa de lume que chamamos sol e o amor, que contén todo, semellante a unha vasta esfera.

Tódolos seres, dicía, non son senón anacos desunidos desa esfera de amor na que se insinuou o odio. E o que chamamos amor é o desexo de unirnos, e fundirnos, e confundirnos, tal como eramos antes, no seo do deus globular que a discordia rompeu. Invocaba o día no que a esfera divina incharía, tras tódalas transformacións das ánimas. Porque o mundo que coñecemos é obra do odio, e a súa disolución será obra do amor. Así cantaba polas vilas e polos campos; e as súas sandalias de bronce que viñeran de Laconia repenicábanlle nos pés, e diante del soaban címbalos. Mentres tanto da boca do Etna abrollaba unha columna de fume negro que asombraba a Sicilia.

Semellante a un rei do ceo, Empédocles estaba envolto na púrpura e cinguido de ouro, mentres que os pitagóricos andaban a rastro coas súas cativas túnicas de liño, e o calzado feito de papiro. Disque sabía facer desaparece-las lagañas, dissolve-los tumores e saca-la dor dos membros; suplicábanlle que fixese cesa-la chuvia ou os furacáns; conxurou as tempestades sobre un círculo de cotarelos; en Selinonte expulsou a febre facendo verter dous ríos no álveo dun terceiro, e os habitantes de Selinonte adorárono e eleváronlle un templo e bateron medallas nas que a súa imaxe estaba situada en fronte da imaxe de Apolo.

Outros pretenden que foi adiviño e que o instruíran os magos de Persia, que posuía a nigromancia e a ciencia das herbas que fan tolear. Un día, cando ceaba con Anquitos, un home furioso fíxose camiño na sala coa espada levantada. Empédocles ergueuse, tendeu o brazo e cantou os versos de Homero sobre o nepentes que dá a insensibilidade. E de contado a forza do nepentes colleu ó arroutado e ficou fixo, coa espada no aire. Esquecera todo, coma se bebese o doce veneno mesturado no viño espumoso dunha cratera. Os doentes viñan a el nas aforas das cidades e estaba rodeado dunha morea de miserentos. Incorporáronse ó seu séquito mulleres. Bicaban os faldróns do seu manto precioso. Unha chamábase Pantea, filla dun nobre de Agrixento. Debía ser consagrada a Artemisa, pero escapou lonxe da fría estatua da deusa e deulle a súa virxindade en voto a Empédocles. Ninguén viu as marcas do seu amor, pois Empédocles preservaba unha insensibilidade divina. Só profería palabras no metro épico e en dialecto de Xonia, aínda que o pobo e os seus fieis só se serviran do dorio. Tódolos seus xestos eran sagrados. Cando se aproximaba ós homes era para bendicilos ou curalos. O mais do tempo permanecía en silencio. Ningún dos que o seguían puido nunca sorprendelo durante o sono. Só o viron maxestoso. Pantea estaba vestida de fina la e de ouro. Os seus cabelos estaban dispostos á rica moda de Agrixento, onde a vida fluía suavemente. Un estrobo vermello sostiña os seus seos e a sola das súas sandalias estaba perfumada. Polo demais, era fermosa e de corpo lanzal e de cor moi desexable. Era imposible asegurar que Empédocles a amase, mais tivo piedade dela. En efecto, o vento asiático xerou a peste nos campos sicilianos. Moitos homes foron tocados polos dedos negros da praga. Mesmo os cadáveres das bestas alfombraban os bordos dos prados e víanse por alá e por acolá ovellas peladas, mortas cos fociños abertos cara ó ceo, e as costelas saíntes. E Pantea languideceu desta enfermidade. Caeu ós pes de Empédocles e xa non respiraba. Os que a rodeaban ergueron os seus membros tesos e bañáronos con viño e aromas. Desligaron o estrobo vermello que apertaba os seus mozos seos e envolvérona en vendas. E a súa boca entreaberta estaba retida por unha ligadura e os seus ollos ocós xa non deixaban pasa-la luz.

Empédocles mirouna, sacou o círculo de ouro que lle cinguía o fronte e impúxollo. Púxolle sobre os seos a grilanda de loureiro profético, cantou versos descoñecidos sobre a migración das ánimas e ordenoulle tres veces que se levantase e camiñase. A multitude estaba aterrorizada. Á terceira chamada, Pantea saíu do reino das sombras e o seu corpo animouse e ergueuse sobre os pés, todo enfaixado nas vendas funerarias. E o pobo viu que Empédocles era evocador de mortos.

Pysianacte, pai de Pantea, veu adorar ó novo deus. Estenderon mesas baixo as árbores do seu campo para ofrecerlle libacións. A carón de Empédocles, escravos sostiñan grandes fachóns. Os heraldos proclamaron, coma nos misterios, o silencio solemne. De súpeto, na terceira vela, os fachóns apagáronse e a noite envolveu os adoradores. Houbo unha voz forte que chamou: “¡Empédocles!”. Cando apareceu a luz, Empédocles desaparecera. Os homes non o volveron ver.

Un escravo, espavorecido, contou que vira un raio vermello que sucaba as tebras cara á cima do Etna. Os fieis ascenderon as pendentes estériles da montaña á luz morna da alba. O cráter do volcán vomitaba un feixe de chamás. Sobre o peitoril poroso de lava que cerca o abismo ardente atoparon unha sandalia de bronce traballada polo lume.

## ERÓSTRATO

### Incendiario

A vila de Efeso, onde naceu Eróstrato, estendíase pola embocadura do Caistro, cos seus dous portos fluviais, deica os peiraos de Panormo, dende onde se vía sobre o mar profundamente tinxido a liña brumosa de Samos. Rebordaba de ouro e de tecidos, de las e de rosas dende que vinceran ós Magnesios, ós seus cans de guerra e ós seus escravos que lanzaban a xavelina nas beiras do Meandro, dende que os persas arruinaran a magnífica Mileto. Era unha cidade mol, onde se festexaba ás cortesás no templo de Afrodita Hetera. Os efesios levaban túnicas amórxinas, transparentes, vestidos de cor violeta, púrpura e azafrán feitos de liño fiado na roca, sarápides cor mazá amarela e brancas e rosas, tecidos de Exipto cor xacinto, que tiñan o flamexar do lume e os matices móbiles do mar, e calasiris de Persia, de tecido pechado, lixeiro, salpicadas no seu fondo escarlata de grans de ouro con forma de copelas.

Entre a montaña de Prión e un alto acantilado escarpado advertíase sobre a beira do Caistro o gran templo de Artemisa. Fixeran falta cento vinte anos para construílo. Pinturas ríxidas adornaban as súas estancias interiores, que tiñan o teito de ébano e de ciprés. As pesadas columnas que o sostían foran untadas de minio. A sala da deusa era pequena e oval. No medio erguíase unha pedra negra prodixiosa, cónica e brillante, marcada por dourados lunares, que non era outra que Artemisa. O altar triangular estaba tallado tamén nunha pedra negra. Outras mesas, feitas de lousas negras, estaban furadas por buratos regulares para deixaren cae-lo sangue das vítimas. Das paredes penduraban longas follas de aceiro, con mangos de ouro, que servían para abri-las gorxas, e o chan puído estaba alfombrado de vendas sanguentas. A gran pedra avesia tiña dúas tetas duras e apuntadas. Tal era a Artemisa de Efeso. A súa divindade perdíase na noite das tumbas exipcias, e cumpría adorala conforme ós ritos persas. Posuía un tesouro pechado nunha especie de colmea pintada de verde, coa porta piramidal espiñada de cravos de bronce. Alí, entre os aneis, as grandes moedas e os rubís, xacía o manuscrito de Heráclito, que proclamara o reino do lume. O filósofo depositáralo alí el mesmo na base da pirámide, cando a construían.

A nai de Eróstrato era violenta e orgullosa. Nunca se soubo quen foi o seu pai. Eróstrato declarou máis tarde que era fillo do lume. Tiña o corpo marcado, baixo o seo dereito, cun crecente que pareceu inflamarse cando o torturaron. As que asistiron ó seu nacemento predixeron que estaba suxeito a Artemisa. Foi colérico e permaneceu virxe. O seu rostro estaba corroído por liñas escuras e a cor da súa pel era moura. Dende a súa infancia gustoulle estar baixo do alto acantilado, preto do Artemision. Miraba pasa-las procesións de ofendas. Por causa da ignorancia na que estaban sobre a súa raza non puido facerse sacerdote da deusa da que se cría devoto. O colexio sacerdotal tivo que prohibirle varias veces a entrada no naos, onde esperaba afasta-lo tecido precioso e pesado que velaba a Artemisa. Colleu xenreira por iso e xurou viola-lo segredo.

O nome de Eróstrato parecíalle incomparable con calquera outro así como a súa persoa lle parecía superior a toda a humanidade. Desexaba a gloria. Primeiro uniuse ós filósofos que ensinaban a doutrina de Heráclito: pero non coñecían nada da parte secreta, xa que estaba pecha na cela piramidal do tesouro de Artemisa. Eróstrato conxecturou só a opinión do mestre. Endureceuse no desprezo das riquezas que o rodeaban. O seu noxo polo amor das cortesás era extremo. Creron que reservaba a súa virxindade para a deusa. Pero Artemisa non tivo ningunha piedade del. Pareceulle perigoso ó colexio da Xerusia, que vixiaba o templo. O sátrapa permitiu que o exiliasen nos suburbios. Viviu no flanco do Coresos, nun panteón furado polos vellos. Dende alí axexaba pola noite as lámpadas sagradas do Artemision. Algúns supoñen que persas iniciados viñeron entrevistarse alí con el. Pero é máis probable que o seu destino se lle revelase dun golpe.

En efecto, confesou na tortura que comprendera de súpeto o sentido da palabra de Heráclito, o camiño do alto, e por qué o filósofo ensinara que a mellor alma é a máis seca e a máis inflamada. Atestou que a súa alma, neste senso, era a máis perfecta, e que quixera proclamalo. Non deu máis causa á súa acción que a paixón da gloria e a ledicia de escoitar proferi-lo seu nome. Dixo que só o seu reino tería sido absoluto, xa que non lle coñecían pai e que a Eróstrato habíao cororar Eróstrato, que era fillo da súa obra e que a súa obra era a esencia do mundo: que así el tería sido xuntamente rei, filósofo, e deus, único entre os homes.

O ano 356, na noite do 21 de xullo, cando a lúa non subira ó ceo e o desexo de Eróstrato adquirira unha forza inusitada, resolveu viola-la estancia secreta de Artemisa. Esvarou, pois, polos camiños serpeantes da montaña ata a ribeira do Caistro e subiu os chanzos do templo. Os gardas dos sacerdotes durmían ó lado das lámpadas santas. Eróstrato colleu unha delas e entrou no naos.

Alí exhalábase un forte cheiro a aceite de nardos. As arestas negras do teito de ébano refulxían. O óvalo da

estancia estaba dividido pola cortina tecida con fío de ouro e de púrpura que ocultaba a deusa. Eróstrato, bafexando de voluptuosidade, arrancou esta. A lámpada iluminou o cono terrible coas tetas dereitas. Eróstrato colleunas coas dúas mans e bicou avidamente a pedra divina. Despois rodeouna e descubriu a pirámide verde na que estaba o tesouro. Colleu os cravos de bronce da portíña e rompeu o selo. Afundiou os dedos nas xoias virxes. Pero non colleu máis que o rolo de papiro no que Heráclito inscribira os seus versos. Á luz da lámpada sagrada leunos e coñeceu todo.

Inmediatamente berrou: “¡O lume, o lume!”

Tirou da cortina de Artemisa e achegou a mecha acesa ó faldrón inferior. O tecido ardeu primeiro lentamente; despois, a causa dos vapores do aceite perfumado dos que estaba impregnada, a chama subiu, azulada, cara ós artesoados de ébano. O terrible cono reflectiu o incendio.

O lume enrodelouse nos capiteis das columnas, rampante ó longo das bóvedas. Unha a unha, as placas de ouro dadas en voto á poderosa Artemisa caeron das suspensións sobre as lousas cun resoar de metal. Despois o chorro fulgurante estalou sobre o teito e iluminou o acantilado. As tellas de bronce esboroáronse. Eróstrato erguíase no resplandor, clamando o seu nome por entre a noite.

Todo o Artemision foi un montón vermello no centro das tebras. Os gardas colleron ó criminal.

Amordazárono para que parase de berra-lo seu propio nome. Guindárono nos sotos, atado, durante o incendio.

Ataxerxes, no mesmo momento, enviou orde de torturalo. Só quixo dici-lo que queda dito. As doce cidades de Xonia prohibiron, baixo pena de morte, pasa-lo nome de Eróstrato ás idades futuras. Pero o murmuro fíxoo vir ata nós. A noite na que Eróstrato abrasou o templo de Efeso, veu ó mundo Alexandre, rei de Macedonia.

## CRATES

### Cínico

Naceu en Tebas, foi discípulo de Dióxenes e coñeceu tamén a Alexandre. O seu pai, Ascondas, era rico e deixoulle douscentos talentos. Un día que fora ver unha traxedia de Eurípides sentiuse inspirado coa aparición de Telefo, rei de Misia, vestido cuns farrapos de mendigo e levando un cesto na man.

Levantouse no teatro e anunciou con voz forte que distribuiría a quen quixese os douscentos talentos da súa herdanza, e que de alí en adiante habíalle chega-los vestidos de Telefo. Os tebanos botaron a rir e amontoáronse diante da súa casa, pero el ría máis ca eles. Tiróulle-lo diñeiro e mailos mobles polas fiestras, colleu un manto de tea e unhas alforxas, despois foise.

Chegado a Atenas, errou polas rúas, apoiando as costas contra as murallas, entre os excrementos. Puxo en práctica todo o que aconsellaba Dióxenes. O seu barril pareceulle superfluo. Na opinión de Crates, o home non era un caracol nin un cangrexo ermitán. Quedou espido de todo no lixo e recolleu as codias do pan, as olivas podres e as espiñas de peixe seco para enche-las súas alforxas. Decía que estas alforxas era unha vila grande e opulenta onde non se atopaban nin parasitos nin cortesás, e que producía para o seu rei suficiente tomiño, allo, figos e pan. Deste xeito Crates levaba a súa patria sobre as costas e alimentábase dela.

Non se metía nos asuntos públicos, nin sequera para facerlles burla, e non afectaba insulta-los reis. Non aprobaba en absoluto ese xesto de Dióxenes que, berrando un día: “¡Homes, achegádevos!”, golpeou coa vara ós que viñeran e díxolles: “Chamei por homes, non por excrementos.” Crates foi doce cos homes. Non se preocupaba por nada. As chagas éranlle familiares. A súa gran mágoa era non te-lo corpo flexible dabondo para chegar a lambelas, como fan os cans. Deploraba tamén a necesidade de ter que valerse de alimentos sólidos e beber auga. Pensaba que o home debe bastarse a si mesmo, sen ningunha axuda exterior. Polo menos, non ía buscar auga para lavarse. Contentábase con frega-lo corpo contra as murallas se a roña o incomodaba, xa que se reparara en que os burros non fan doutro xeito. Falaba raramente dos deuses, e non se preocupaba por eles: pouco se lle daba que houbese ou non houbese, sabía ben que non lle podían facer nada. Por outra banda, reprocháballes teren feito desgraciados ós homes a posta, facéndolles vira-la cara ó ceo e privándoos da facultade que teñen a maioría dos animais que camiñan a catro patas. Xa que os deuses decidiron que hai que comer para vivir, pensaba Crates, debían vira-lo rostro

dos homes cara á terra, onde crecen as raíces: ninguén se pode repoñer con aire ou con estrelas.

A vida non lle foi nada xenerosa. Tivo lagañas a forza de expo-los ollos ó acre po da Ática. Unha enfermidade de pel descoñecida cubriuno de tumores. Rañouse coas unllas que non roía nunca e observou que lles sacaba dobre proveito, xa que as usaba ó mesmo tempo que sentía alivio. Os seus longos cabelos fixéronse semellantes a feltro espeso, e dispúxoos sobre a testa para protexerse da chuvia e do sol.

Cando Alexandre o veu ver non lle dirixiu verbas de retranca, senón que o considerou entre os outros espectadores sen facer ningunha diferenza entre o rei e a multitude. Crates non tiña ningunha opinión sobre os grandes. Importábanlle tan pouco coma os deuses. Só os homes o ocupaban, e o xeito de pasa-la existencia coa maior simplicidade posible. As censuras de Dióxenes facíano rir, non menos cás súas pretensións de reforma-los costumes. Crates estimábase infinitamente por riba de preocupacións tan vulgares. Transformaba a máxima inscrita no frontón do templo de Delfos e dicía: “Vívete a ti mesmo.” A idea dun coñecemento calquera parecíalle absurda. Só estudiaba as relacións do corpo co que lle é necesario, intentando reducilas tanto como fose posible. Dióxenes trababa coma os cans, mais Crates vivía coma os cans.

Tivo un discípulo que tiña por nome Metroclo. Era un mozo rico de Maronea. A súa irmá Hiparquía, fermosa e nobre, namorouse de Crates. Consta que se namorou del e que veu buscalo. A cousa parece imposible, pero é segura. Nada a botou para atrás, nin a sucidade do cínico, nin a súa pobreza absoluta, nin o horror da súa vida pública. El previuna que vivía ó xeito dos cans, por entre as rúas, e que buscaba os ósos nos montóns de lixo. Advertiulle que non ocultarían nada da súa vida en común e que a posuiría publicamente cando lle viñese a gana, como os cans fan coas cadelas. Hiparquía esperaba todo iso. Os seus pais intentaron retela: ameazounos con matarse. Tiveron piedade dela. Entón ela deixou o burgo de Maronea, totalmente espida, cos cabelos pendurando, cuberta só cunha vella tea, e viviu con Crates, vestida de xeito semellante a el. Dise que tivo dela un neno, Pasicle: mais non hai nada seguro sobre este punto.

Esta Hiparquía foi, disque, boa cos pobres, e compasiva; aloumiñaba os doentes coas mans; lambía sen ningún noxo as feridas sanguentas dos que sufrían, persuadida de que eles eran para ela o que as ovellas son para as ovellas, o que os cans son para os cans. Se ía frío, Crates e Hiparquía durmían apertados contra os pobres, e intentaban darlles parte na calor dos seus corpos. Prestábanlles a axuda muda que os animais se prestan uns ós outros. Non tiñan ningunha preferencia por algún dos que se achegaban a eles. Chegáballes que fosen homes.

Velaí todo o que nos chegou sobre a muller de Crates; non sabemos cando morreu, nin cómo. O seu irmán Metroclo admiraba a Crates e imitouno. Mais non tiña ningunha tranquilidade. A súa saúde estaba turbada por continuas flatulencias que non podía reter. Desesperouse e decidiu morrer. Crates coñeceu a súa desgracia e quixo consolalo. Comeu unha presa de chícharos bravos e foi ver a Metroclo. Preguntoulle se era a vergoña da súa enfermidade a que o aflixía ata ese punto. Metroclo confesou que non podía soportar aquela desgracia. Entón Crates, todo inchado de chícharos bravos, largou ventosidades en presenza do seu discípulo, e afirmoulle que a natureza sometía a tódolos homes ó mesmo mal. E acto seguido reprochoulle que tivese vergoña dos outros e propúxolle o seu propio exemplo. Despois largou aínda algunhas ventosidades máis, colleu a Metroclo pola man e levouno con el.

Ámbolos dous permaneceron moito tempo xuntos polas rúas de Atenas, sen dúbida con Hiparquía. Falábanse ben pouco. Non tiñan vergoña de nada. Malia fozar nos mesmos montóns de lixo, os cans parecían respectalos. Pódese pensar que, se a fame os apertase, terían pelexado uns contra os outros ás trabadas. Mais os biógrafos non relataron nada deste xénero. Sabemos que Crates morreu vello; que acabou por ficar arreo no mesmo sitio, deitado baixo o beiral dun almacén do Pireo, onde os mariñeiros gardaban os fardos do porto; que deixou de vagar para atopar viandas que roer, non quixo nin sequera estende-lo brazo, e que o atoparon un día reseco pola fame.

## SÉTIMA

### Encantadora

Sétima foi escrava baixo o sol africano, na vila de Hadrumeto. E a súa nai Amoena foi escrava, e a nai dela foi escrava, e todas foron fermosas e escuras, e os deuses infernais reveláronlles filtros de amor e de morte. A vila de Hadrumeto era branca e as pedras da casa onde vivía Sétima eran dun rosa tremente. E a area da praia estaba sementada de cunchas que fai roda-lo mar morno dende a terra de Exipto, no lugar onde as sete bocas do Nilo deitan sete vasos de distintas cores. Na casa á beira do mar onde vivía Sétima oíase



morrer a franxa de prata do Mediterráneo, e, ós seus pés, un abano de refulxentes liñas azuis despregábase ata o ras do ceo. As palmas das mans de Sétima estaban arrubiadas de ouro, e os extremos dos seus dedos estaban enfeitados; os seus beizos recendían a mirra e as súas pálpebras unidas arreguizaban docemente. Deste xeito andaba ela polo camiño dos arrabaldes, levando á casa dos servidores un cesto de pans flexibles.

Sétima namorouse dun mozo libre, Sextilio, fillo de Dionisia. Mais non lles está permitido ser amadas ás que coñecen os misterios subterráneos: pois elas están sometidas ó adversario do amor, que se chama Anteros. E así como Eros dirixe os escintileos dos ollos e afía as puntas das frechas, Anteros desvía as miradas e atorda a acritude dos dardos. É un deus benfeitor que para no medio dos mortos. Non é cruel, coma o outro. Posúe o nepentes que dá o esquecemento. E sabendo que o amor é a peor das dores terrestres, odia e cura o amor. Sen embargo non pode botar a Eros dun corazón ocupado. Entón toma o outro corazón. Deste xeito, Anteros loita contra Eros. Velaí porqué Sextilio non puido amar a Sétima. Tan pronto como Eros levou o seu fachón ó seo da iniciada, Anteros, irritado, fíxose co que ela quería amar.

Sétima coñeceu a potencia de Anteros nos ollos baixos de Sextilio. E cando o tremor púrpura prendeu o aire do serán, saíu ó camiño que vai de Hadrumeto ata o mar. É un camiño calmo onde os namorados beben viño de dátiles, apoiados contra as murallas pulidas das tumbas. A brisa oriental sopra o seu perfume sobre a necrópole. A lúa moza, aínda velada, vén vagar por aló, insegura. Moitos mortos embalsamados dominan os arredores de Hadrumeto nas súas sepulturas. E alí durmía Foinisa, irmá de Sétima, escrava coma ela, e que morreu ós dezaseis anos, antes de que ningún home respirase o seu olor. A tumba de Foinisa era estreita coma o seu corpo. A pedra apertaba os seus seos tensados de vendas. Moi preto da súa fronte baixo unha longa lousa detiña a súa mirada baleira. Dos seus beizos negrexados collía voo aínda o vapor dos aromas nos que a inmerxeran. Sobre a súa man sabía brillaba un anel de ouro verde con dous rubís pálidos e turbulentos incrustados. Ela soñaba eternamente no seu soño estéril coas cousas que nunca coñecera.

Baixo a brancura virxe da lúa nova, Sétima deitouse preto da tumba estreita da súa irmá, contra a boa terra. Chorou e fregou o rostro contra a grilanda esculpida. E achegou a súa boca ó conducto polo que se botan as libacións, e a súa paixón exhalouse:

—Oh miña irmá —dixo ela—, afasta do teu sono para escoitarme. A lampadiña que alumea as primeiras horas dos mortos apagouse. Deixaches esvarar dos teus dedos a ampola coloreada de vidro que che deramos. O fio da túa colar crebou e os grans de ouro están espallados arredor do teu pescozo. Xa nada de nós é teu, e agora o que ten un gabián sobre a testa posúete. Escóitame, pois te-lo poder de transporta-las miñas verbas. Vai á celiña que ti sabes e suplicalle a Anteros. Suplicalle á deusa Hator. Suplicalle a aquel ó que o mar lle levou nun cofre o seu cadáver despezado ata Biblos. Miña irmá, ten piedade dunha dor descoñecida. Polas sete estrelas dos magos de Caldea, conxúrote. Polos poderes infernais que se invocan en Cartago, Iao, Abriao, Salbaal, Bathbaal, recibe o meu feitizo. Fai que Sextilio, fillo de Dionisia, se consuma de amor por min, Sétima, filla da nosa nai Amoena. Que arda na noite, que me busque preto da túa tumba, ¡oh Foinisa! Ou lévanos ós dous á morada tenebrosa, poderosa. Prégalle a Anteros que arrefría os nosos alentos se rexeita alumealos Eros. Morte perfumada, acolle a libación da miña voz. ¡Akhrammakhalala!

Axiña, a virxe enfaixada ergueuse e penetrou baixo a terra, cos dentes descubertos.

E Sétima, vergoñenta, correu por entre os sarcófagos. Ata a segunda vixilia quedou na compañía dos mortos. Axexou a lúa fuxitiva. Ofreceulle a súa gorxa á mordedura salgada do vento mariño. Os primeiros dourados do día aloumiñárona. Despois entrou en Hadrumeto e a súa longa camisa azul flotaba tras dela.

Mentres tanto Foinisa, ríxida, erraba polos circuitos infernais. E o que ten un gabián sobre a testa non lle deu escoita á súa queixa. E a deusa Hator permaneceu deitada na súa funda pintada. E Foinisa non puido atopar a Anteros, pois non coñecía o desexo. Mais no seu corazón murcho experimentou a piedade que os mortos teñen polos vivos. Entón, a segunda noite, á hora na que os cadáveres quedan ceibos para levaren a cabo os encantamentos, moveu os seus pés amarrados polas rúas de Hadrumeto.

Sextilio tremía regularmente polos suspiros do soño, coa cara volta cara ó teito da súa estancia, sucada de rimbos. E Foinisa, morta, envolta en vendas recedentes, sentou ó seu carón. E non tiña nin cerebro nin vísceras; pero colocáranlle o seu corazón reseco no peito. E nese momento Eros loitou contra Anteros, e fíxose co corazón embalsamado de Foinisa. Axiña desexou o corpo de Sextilio, para que deitase entre ela e a súa irmá Sétima na casa das tebras.

Foinisa puxo os seus beizos tinxidos sobre a boca viva de Sextilio, e a vida escapou del coma unha burbulla. Despois chegou á celiña de escrava de Sétima e colleuna pola man. E Sétima, durmida, cedeu baixo a man da súa irmá. E o bico de Foinisa e a aperta de Foinisa fixeron morrer, case á mesma hora da noite, a Sétima

e a Sextilio. Tal foi o desenlace fúnebre da loita de Eros contra Anteros; e as potencias infernais recibiron á vez unha escrava e un home libre.

Sextilio está deitado na necrópole de Hadrumeto, entre a encantadora Sétima e a súa irmá virxe Foinisa. O texto do encantamento está inscrito sobre a placa de chumbo, enrolada e furada por un cravo, que a encantadora fixo esvarar polo conducto das libacións da tumba da súa irmá.

## LUCRECIO

### Poeta

Lucrecio apareceu nunha gran familia que se retirara lonxe da vida civil. Os seus primeiros días recibiron a sombra do soportal negro dunha gran casa ergueita na montaña. O atrio era severo e os escravos mudos. Rodeárono, dende a infancia, o desprezo da política e dos homes. O nobre Memmio, que tiña a súa idade, aturou, na fraga, os xogos que Lucrecio lle impuña. Xuntos pasmaron diante das engurras das vellas árbores e espiron o tremor das follas baixo o sol, coma un velo verde de luz salpicado de manchas de ouro. Quedaron fitando decote os lombos raiados dos porcos bravos que fozaban no chan. Atravesaron fusadas tremelucientes de abellas e bandas móbiles de formigas en marcha. E un día chegaron, saíndo dun pequeno bosque, a un clareiro todo rodeado de carballos vellos, asentados tan xuntos que o seu círculo furaba no ceo un pozo de azul. O acougo deste asilo era infinito. Parecía coma estar nun longo camiño claro que ía cara ó alto do aire divino. Lucrecio recibiu alí a bendición dos espazos calmos.

El e mais Memmio deixaron o templo sereno da fraga para estudia-la elocuencia en Roma. O vello cabaleiro que gobernaba a alta casa deulle un profesor grego e resolveu que non volvese ata que posuise a arte de despreza-las accións humanas. Lucrecio non o volveu ver. Morreu solitario, execrando o tumulto da sociedade. Cando Lucrecio volveu, levaba á alta casa baleira, cara ó atrio severo e entre os escravos mudos, unha muller africana, fermosa, bárbara e mala. Memmio volveu á casa dos seus pais. Lucrecio vira as faccións sanguentas, as guerras de partidos e a corrupción política. Estaba namorado.

E ó primeiro a súa vida foi meiga. Contra as colgadas dos muros, a muller africana apoiaba as masas contornadas do seu cabelo. Todo o seu corpo esposaba longamente os leitos de descanso. Rodeaba as cráteras cheas de viño espumoso cos seus brazos cargados de esmeraldas translúcidas. Tiña un xeito estraño de erguer un dedo e sacudi-la fronte. Os seus sorrisos tiñan unha fonte fonda e tenebrosa coma os ríos de África. En vez de fia-la la, desfaciáa pacientemente en folepapas que voaban arredor dela.

Lucrecio desexaba ardentemente fundirse con ese fermoso corpo. Apertaba os seus seos metálicos e amarraba a boca sobre os seus beizos dun violeta escuro. As verbas de amor pasaron de un ó outro, saloucáronas, fixéronos rir e consumíronse. Tocaron o veo flexible e opaco que separa ós amantes. A súa voluptuosidade tivo máis furor e desexou cambiar de persoa. Chegou ata o extremo agudo no que se expande arredor da carne, sen penetrar ata as entrañas. A africana encrequenouse no seu corazón estranxeiro. Lucrecio desesperou por non poder consuma-lo seu amor. A muller fíxose altiva, morna e silenciosa, parella ó atrio e ós escravos. Lucrecio errou pola sala dos libros.

Alí foi onde despregou o rolo no que un escriba copiara o tratado de Epicuro.

Axiña comprendeu a variedade das cousas deste mundo, e a inutilidade de esforzarse cara ás ideas. O universo pareceulle semellante ás folepapiñas de la que os dedos da africana espallaban polas salas. Os acios de abellas e as columnas de formigas e o tecido en movemento das follas foron para el agrupacións de agrupacións de átomos. E en todo o seu corpo sentiu un pobo insensible e discorde, ávido de separarse. E as miradas parecéronlle raios máis sutilmente encarnados, e a imaxe da fermosa bárbara, un mosaico agradable e coloreado, e experimentou que a fin do movemento desta infinidade era triste e van. Así como as faccións ensanguentadas de Roma, coas súas tropas de clientes armados e insultadores, contemplou o remuíño de tropas de átomos tinxidos do mesmo sangue e que disputan unha escura supremacía. E viu que a disolución da morte non era senón franquear esa turba turbulenta que se encamiña cara a outros mil movementos inútiles.

Entón, cando Lucrecio foi instruído así polo rolo de papiro, no que as verbas gregas coma os átomos do mundo estaban tecidos uns nos outros, saíu á fraga polos soportais negros da alta casa dos maiores. E viu o lombo dos porcos raiados que tiñan sempre o fociño dirixido cara á terra. Despois, atravesando a fraguiña, atopouse de súpeto no medio do templo sereno da fraga, e os seus ollos afundíronse no pozo azul do ceo. Alí situou o seu acougo.

Dende alí contemplou a inmensidade formigante do universo; tódalas pedras, tódalas plantas, tódalas árbores, tódolos animais, tódolos homes, coas súas cores, coas súas paixóns, cos seus instrumentos, e a historia destas cousas diversas, e o seu nacemento, e as súas enfermidades, e a súa morte. E entre a morte total e necesaria, viu claramente a morte única da africana, e chorou.

Sabía que os choros veñen dun movemento particular das pequenas glándulas que están baixo as pálpebras, e que son axitadas por unha procesión de átomos saída do corazón, cando o corazón, á súa vez, foi batido pola sucesión de imaxes coloreadas que se separan da superficie do corpo dunha muller amada. Sabía que a causa do amor non é outra que a inchazón dos átomos que desexan unirse a outros átomos. Sabía que a tristura causada pola morte non é senón a peor das ilusións terrestres, xa que a morta deixara de ser desgraciada e de sufrir, mentres que o que a choraba aflixíase dos seus propios males e soñaba tenebrosamente coa súa propia morte. Sabía que non queda de nós ningún dobre simulacro para verter bágoas sobre o propio cadáver deitado ós nosos pés. Mais, coñecendo exactamente a tristura e o amor e a morte, e que son imaxes vans cando se contemplan dende o espacio calmo onde hai que pecharse, seguiu chorando, e desexando o amor, e temendo a morte.

Velaí por qué, entrando na alta e sombría casa dos maiores, achegouse á fermosa africana, que estaba cocendo unha beberaxe sobre un braseiro nunha pota de metal. Pois ela tamén soñara á parte, e os seus pensamentos subiran á fonte misteriosa do seu sorriso. Lucrecio considerou a beberaxe que aínda fervía. Foise aclarando pouco a pouco e fíxose parella a un ceo turbio e verde. E a fermosa africana sacudiu a fronte e ergueu un dedo. Entonces Lucrecio bebeu o filtro. E de contado desapareceu a súa razón, e esqueceu tódalas verbas gregas do rolo de papiro. E por primeira vez, estando tolo, coñeceu o amor; e na noite, envelenado, coñeceu a morte.

## CLODIA

### Matrona impúdica

Era filla de Apio Claudio Pulcher, cónsul. A penas tivo uns anos distinguiuse dos irmáns polo lóstrego flagrante dos seus ollos. Tertia, a súa irmá maior, casou cedo; a máis moza cedeu enteiraamente a tódolos seus caprichos. Os seus irmáns, Apio e Caio, xa eran avarentos das ras de coiro e dos carriños de noz que lles facían; máis tarde, foron ávidos de sestercios. Mais Clodio, fermoso e feminino, foi compañeiro das súas irmás. Clodia persuadiunas con miradas ardentes para que o vestisen cunha túnica de mangas, e lle puxesen un gorriño de fíos de ouro, e lle atasen baixo os peitos un cinto lixeiro; despois cubríano cun veo cor de lume e levábano ás camariñas onde se metía no leito coas tres. Clodia foi a súa preferida, pero tamén tomou a virxindade de Tertia e da pequena.

Cando Clodia tivo dezoito anos morreulle o pai. Ela quedou na casa do monte Palatino. Apio, o seu irmán, gobernaba o dominio, e Caio preparábase para a vida pública. Clodio, sempre delicado e imberbe, deitábase entre as súas irmás, que lles chamaban Clodia ós dous. Empezaron a ir secretamente ós baños con el. Dábanlles un cuarto de as ós grandes escravos que lles daban a masaxe e despois facíanllo devolver. A Clodio tratábano coma ás súas irmás en presenza delas. Tales foron os seus praceres antes do matrimonio.

A máis moza casou con Lúculo, que a levou a Asia, onde lle facía a guerra a Mitrídates. Clodia tomou por marido ó seu primo Metelo, un mesto home honrado. Neses tempos de revoltas el tivo un espírito conservador e limitado. Clodia non podía aturar a súa brutalidade rústica. Xa soñaba para o seu querido Clodio con cousas novas. César comezaba a apoderarse dos espíritos; Clodia xulgou que había que desfacelo. Fixo que Pomponio Attico lle trouxese a Cicerón. A súa sociedade era burlona e galante. Xunto a ela podíase atopar a Licinio Calvo, o mozo Curión, alcumado a “neniña”, Sexto Clodio que facía carreiras, Egnatio e a súa banda, Catulo de Verona e Caelio Rufo, que estaba namorado dela. Metelo, sentado pesadamente, non falaba palabra. Contaban os escándalos sobre César e Mamurra. Despois Metelo, nomeado procónsul, marchou para a Galia Cisalpina. Clodia quedou soa en Roma coa cuñada Mucia. Os seus grandes ollos flamexantes enfeitizaron totalmente a Cicerón. Teimaba que podía repudiar a Terencia, a súa muller, e supuxo que Clodia deixaría a Metelo. Mais Terencia descubriu todo e aterrorizou ó seu marido. Cicerón, medorento, renunciou ós seus desexos. Terencia quixo máis, e Cicerón tivo que romper con Clodia.

O irmán de Clodia ocupábase mentres tanto. Facíalle o amor a Pompeia, muller de César. A noite da festa da Boa Deusa, só debía haber mulleres na casa de César, que era pretor. Pompeia ofrecía soa o sacrificio. Clodio vestiuse, ó xeito en que a súa irmá tivera costume de disfrazalo, de muller citarista, e entrou na casa de Pompeia. Unha escrava recoñeceu. A nai de Pompeia deu a alarma e o escándalo foi público. Clodio quixo defenderse e xurou que estaba, durante ese tempo, na casa de Cicerón. Terencia obrigou ó seu marido a negar: Cicerón deu testemuña contra Clodio.

Dende entón Clodio estivo perdido no partido nobre. A súa irmá acababa de pasa-la trintena. Era máis ardente que xamais. Ela tivo a idea de facer adoptar a Clodio por un plebeo, para que puidese facerse tribuno do pobo. Metelo, que volvera, adiviñou os seus proxectos e fixo risa dela. Nese tempo, cando ela xa non tiña a Clodio entre os brazos, deixouse amar por Catulo. O marido Metelo parecíalles odioso. A súa muller decidiu librarse del. Un día que viña do Senado, aborrecido, ela deulle de beber. Metelo caeu morto no atrio. Dende entón Clodia era libre. Deixou a casa do marido e volveu axiña enclaustrarse con Clodio no monte Palatino. A súa irmá escapou da casa de Lúculo e volveu con eles. Retomaron a súa vida entre tres e exerceron o seu odio.

Primeiro Clodio, feito plebeo, foi designado tribuno do pobo. Malia a súa gracia feminina, tiña a voz forte e mordente. Conseguiu que exiliasen a Cicerón; fixo que lle arrasasen a casa diante dos seus propios ollos, e xuroulles ruína e morte a tódolos seus amigos. César era procónsul na Galia e non podía facer nada. Sen embargo, Cicerón gañou influencias por Pompeio, e conseguiu que o volvesen chamar ó ano seguinte. O furor do tribuno mozo foi extremo. Atacou violentamente a Milón, amigo de Cicerón, que empezaba a procura-lo consulado. Apostado pola noite, tentou matalo, revolvendo ós escravos que lle levaban os fachóns. O favor popular de Clodio diminuíu. Cantaban refráns obscenos sobre Clodio e Clodia. Cicerón denunciounos nun discurso violento: nel trataba a Clodia de Medea e de Clitemnestra. A rabia do irmán e da irmá acabou por estalar. Clodio quixo incendia-la casa de Milón, e uns escravos gardiáns matárono nas tebras.

Entón Clodia desesperouse. Collera e rexeitara a Catulo e despois a Caelio Rufo e despois a Egnatio, os amigos do cal a levaran a baixas tabernas: pero ela só amaba ó seu irmán Clodio. Foi por el por quen envelenara ó seu marido. Foi por el por quen atraera e seducira bandas de incendiarios. Cando morreu, faltoulle o obxecto da súa vida. Ela aínda era fermosa e quente. Tiña unha casa de campo no camiño de Ostia, uns xardíns preto do Tíber e en Baia. Refuxiouse alí. Intentou distraerse bailando lascivamente con mulleres. Non foi dabondo. O seu espírito estaba ocupado polos estupros de Clodio, que seguía a ver imberbe e feminino. Lembrábase de que nun tempo o prenderan os piratas de Cilicia, que utilizaran o seu tenro corpo. Víñalle tamén á memoria certa taberna onde estivera con el. O frontón da porta estaba cheo de graffiti, e os homes que bebían alí botaban un cheiro forte, e tiñan o peito peludo.

Roma atraeuna, pois, de novo. Errou nas primeiras vixilias polos cruceiros e polos pasos estreitos. A insolencia de lóstrego dos seus ollos seguía sendo a mesma. Nada podía apagala, e intentou todo, mesmo recibí-la chuvía e deitar na lama. Foi dos baños ás celas de pedra; as adegas nas que os escravos xogaban ós dados, as salas baixas onde os cocifeiros e os cocheiros se emborrachaban fóronlle coñecidas. Esperou ós que pasaban polas rúas empedradas. Pereceu cara á mañá dunha noite asfixiante por un estraño retorno dun costume que fora seu. Un obreiro de batán pagáralle un cuarto de as; axexouna ó crepúsculo da alba no camiño para collerllo e estrangulouna. Despois botou o seu cadáver, cos ollos abertos de par en par, á auga amarela do Tíber.

## PETRONIO

### Novelista

Naceu en días nos que faranduleiros vestidos con roupas verdes facían pasar porquiños amestrados a través de aros de lume, nos que porteiros barbudos, con túnica cor cereixa, espelicaban chícharos nun prato de prata diante dos mosaicos galantes á entrada das quintas, nos que os libertos, cheos de sestercios, pretendían nas cidades de provincias as funcións municipais, nos que recitadores cantaban nas sobremesas poemas épicos, nos que a lingua estaba chea de verbas de ergástulo e de redundancias inchadas chegadas de Asia.

A súa infancia pasou entre tales elegancias. Nunca puña dúas veces unha la de Tiro. Facían varre-la prata que caera no atrio xunto co lixo. Os xantares estaban compostos de cousas delicadas e inesperadas, e os cocifeiros variaban sen cesar a arquitectura das vituallas. Non había que sorprenderse, ó abrir un ovo, de atopar nel un papafigo, nin ter medo de cortar unha estatuíña imitada de Praxíteles e esculpida en fígado graxo. O xeso que pechaba as ánforas estaba dilixentemente dourado. Unhas caixiñas de marfil indio gardaban perfumes ardentes destinados ós convidados. Os lavamáns estaban furados de diferentes xeitos e enchidos de augas coreadas que sorprendían ó abrollar. Toda a cristalería figuraba monstruosidades irisadas. Ó coller certas urnas, as asas rompían baixo os dedos e os lados abríanse para deixar caer flores pintadas artificialmente. Paxaros de África coas fazulas escarlata cacarexaban en gaiolas de ouro. Tralos enreixados incrustados, nas ricas paredes das murallas, ouveaban moitos monos de Exipto con cara de can.

En receptáculos preciosos gabeaban delgados animais que tiñan flexibles escamas rutilantes e ollos raiados de azul.

Deste xeito viviu Petronio na moleza, pensando que o mesmo aire que respiraba estaba perfumado para o seu uso. Cando chegou á adolescencia, despois de pecha-la súa primeira barba nunha arquiña adornada, empezou a mirar arredor de si. Un escravo de nome Siro, que servira na area, amosoulle as cousas descoñecidas. Petronio era pequeno, negro, e chosco dun ollo. Non era para nada de raza nobre. Tiña mans de artesán e un espírito cultivado. De aí lle veu que lle collese gusto a moldear-las palabras e a inscribilas. Non se asemellaban a nada do que os poetas vellos imaxinaran. Porque se esforzaban en imitar todo o que rodeaba a Petronio. E só máis tarde lle veu a ambiciosa amoladura de compoñer versos.

Coñeceu pois gladiadores bárbaros e botaporela de cruces de camiños, homes con olladas oblicuas que parecen espia-los legumes e arrincan os anacos de carne, nenos crechos que os senadores paseaban, vellos faladeiros que discorrían sobre os asuntos da cidade nas esquinas das rúas, serventes lascivos e candongas respectadas, vendedoras de froitas e patróns de albergues, poetas calamitosos e serventas bribonazas, sacerdotisas fraudulentas e soldados errantes. Puña sobre eles o seu ollo chosco e collía con exactitude os seus xeitos e as súas intrigas. Siro conduciuno ós baños dos escravos, ás celas cativas das prostitutas e ós reductos subterráneos onde os figurantes do circo se exercitaban coas espadas de madeira. Ás portas da cidade, entre as tumbas, contoulle as historias dos homes que cambian de pel, que os negros, os sirios, os taberneiros e os soldados gardiáns das cruces de suplicio facían pasar de boca en boca.

Cara ós trinta anos, Petronio, ávido desta liberdade diversa, empezou a escribi-la historia de escravos errantes e disolutos. Recoñeceu os seus hábitos entre as transformacións do luxo; recoñeceu as súas ideas e a súa linguaxe entre as conversacións educadas dos festíns. Só, diante do seu pergamiño, apoiado sobre unha mesa recendente de madeira de cedro, debuxou coa punta do seu cálamo as aventuras dun populacho ignorado. Á luz das súas altas fiestras, baixo as pinturas dos artesoados, imaxinou os fachóns fumegantes das hospedaría, e ridículos combates nocturnos, molinetes de candelabros de madeira, cerraduras forzadas a golpes de machada polos escravos da xustiza, catres graxentos percorridos por chinches, e reprobacións de procuradores de barrio en medio de agrupacións de pobres vestidos con cortinas esfarrapadas e trapos de cociña sucios.

Disque cando acabou os dezaseis libros da súa invención, fixo vir a Siro, para lerllos e que o escravo ría e berraba en voz alta petando nas mans. Nese momento formaron o proxecto de poñer en execución as aventuras compostas por Petronio. Tácito relata falsamente que foi árbitro das elegancias na corte de Nerón, e que Tixelino, celoso, fixo que lle enviase a orde de morte. Petronio non desvaneceu delicadamente nunha bañeira de mármore, murmurando versiños lascivos. Escapou con Siro e terminou a súa vida percorrendo os camiños.

A súa aparencia fíxolle fácil disfrazarse. Siro e Petronio levaban alternándose o saquiño de coiro que contiña as súas roupas e os seus denarios. Durmiron ó raso, preto dos outeiros das cruces. Viron brillar tristemente na noite as lampadiñas dos monumentos fúnebres. Comeron pan acedo e olivas amolecidas. Non se sabe se roubaron. Foron magos ambulantes, menciñeiros de campo e compañeiros de soldados vagabundos. Petronio desaprendeu por completo a arte de escribir, tan pronto como viviu a vida que imaxinara. Tiveron amigos mozos e traidores, que amaron, e que os deixaron ás portas dos municipios colléndolles ata o seu derradeiro as. Fixéronas todas con gladiadores escapados. Foron barbeiros e mozos de baños. Durante varios meses viviron de pans funerarios que roubaban nos sepulcros. Petronio aterrorizaba ós viaxeiros polo seu ollo borroso e a súa negrura que parecía maliciosa. Desapareceu unha noite. Siro pensou que o atoparía nunha cela porcallenta onde coñeceran unha rapaza cos cabelos enguedellados. Pero un touciñeiro borracho metéralle unha folla ancha no pescozo mentres xacían xuntos no campo ó raso, sobre as lousas dun panteón abandonado.

## SUFRAH

### Xeomántico

A historia de Aladino conta enganada que envelenaron ó mago africano no seu palacio e que botaron o seu corpo denegrado e lañado pola forza da droga ós cans e ós gatos; é certo que esa aparencia enganou ó seu irmán e que o apuñalaron logo de vesti-lo hábito de Santa Fátima; pero non é menos certo que o magrebí Sufrah (pois ese era o nome do mago) só adormeceu pola omnipotencia do narcótico, e escapou por unha das vinte e catro fiestras do gran salón, mentres Aladino bicaba docemente a princesa.

Nada máis tocar terra, despois de de baixar con comodidade dabondo por un dos canos de ouro polos que desaugaba a terraza, o palacio desapareceu, e Sufrah atopouse só no medio da area do deserto. Non lle quedaba sequera unha das botellas do viño de África que fora buscar á adega a petición da princesa mentireira. Desesperado, sentou baixo o sol ardente, e sabendo ben que a extensión de area tórrida que o rodeaba era infinita, envolveu a testa coa capa e esperou a morte. Xa non posuía ningún talismán; xa non tiña ningún perfume para face-las súas sufumigacións, nin sequera unha variña que lle puidese indicar unha fonte fundamentalmente agochada para calma-la súa sede. Chegou a noite, azul e quente, pero que temperou un pouco a inflamación dos seus ollos. Tivo entón a idea de trazar na area unha figura de xeomancia, e de preguntar se estaba destinado a finar no deserto. Cos dedos marcou as catro grandes liñas compostas de puntos que se sitúan baixo a invocación do Lume, da Auga, da Terra e do Aire, á esquerda, e á dereita, do Mediodía, do Oriente, do Occidente e do Setentrión. E no extremo destas liñas recolleu os puntos pares e impares, para compoñer con eles a primeira figura. Para a súa ledicia viu que era a figura da Fortuna Maior, do que se infería que escaparía do perigo. A primeira figura tiña que estar situada na primeira casa de astroloxía, que é a casa do que pregunta. E na casa que se chama "Corazón do Ceo", volveu atopar a figura da Fortuna Maior, o que lle amosou que tería éxito e gloria. Pero na oitava casa, que é a casa da Morte, viu cae-la figura do vermello, que anuncia o sangue ou o lume, o que é de presaxio sinistro. Logo de ergue-las figuras das doce casas, sacou dúas testemuñas, e entre eles un xuíz, para asegurarse de que calculara a súa operación xustamente. A figura do xuíz foi a da prisión, polo que coñeceu que atoparía a gloria, con gran perigo, nun lugar pecho e secreto.

Seguro de non morrer no sitio, Sufrah púxose a pensar. Non tiña a esperanza de volver conquista-la lámpada, que fora transportada co palacio ó centro da China. Sen embargo, ocorréuselle que nunca investigara quén era o verdadeiro dono do talismán e o antigo posuidor do gran tesouro e do xardín dos froitos preciosos. Unha segunda figura de xeomancia, que leu segundo as letras do alfabeto, reveloulle os caracteres S. L. M. N., que trazou sobre a area, e a décima casa confirmou que o dono deses caracteres era rei. Sufrah soubo axiña que a lámpada marabillosa fixera parte do tesouro do rei Salomón. Entón estudiou detidamente tódolos signos, e a Cabeza do dragón indicoulle o que buscaba –pois estaba unida pola Conxunción á figura do Mociño, que marca as riquezas agochadas na terra, e á da Prisión, onde se pode le-la posición das bóvedas pechadas.

E Sufrah deu palmas: pois a figura de xeomancia amosaba que o corpo do rei Salomón se conservaba na mesma terra de África, e que aínda levaba no dedo o seu selo todopoderoso que dá a inmortalidade terrestre: aínda que o rei debía levar durmido miríades de anos. Sufrah, ledo, esperou a alba. Entre fusco e lusco azul, viu pasar saqueadores Ba-da-ouï, que tiveron piedade do seu desamparo, cando lles implorou, e que lle deron unha bolsiña de dátiles e un cabazo cheo de auga.

Sufrah púxose en marcha cara ó lugar designado. Era un sitio árido e pedrallento, entre catro montañas núas, ergueitas coma dedos cara ás catro esquinas do ceo. Alí trazou un círculo e pronunciou unhas palabras, e a terra tremeu e abriuse, e deixou ver unha lousa de mármore cun anel de bronce. Sufrah agarrou o anel e invocou tres veces o nome de Salomón. A lousa ergueuse de contado, e Sufrah baixou por unha escaleira estreita ó subterráneo.

Dous cans de lume saíron de dous nichos opostos e vomitaron chamas entrecruzadas. Pero Sufrah pronunciou o nome máxico, e os cans que gruñían desapareceron. Despois atopou unha porta de ferro que xirou silenciosamente en canto lle tocou. Atravesou un corredor escavado no pórfiro. Uns candelabros de sete brazos ardían cunha luz eterna. Ó fondo do corredor había unha sala cadrada con muros de xaspe. No centro, un braseiro de ouro despedía un intenso resplandor. E sobre unha cama feita dun só diamante tallado, e que semellaba un bloque de lume frío, estaba deitada unha forma vella, de barba branca, coa fronte cinguida por unha coroa. Preto do rei xacía un gracioso corpo reseco, coas mans aínda estendidas para aperta-las del; pero a calor dos bicos xa estaba apagada. E sobre a man colgante do rei Salomón Sufrah viu brilla-lo gran selo.

Acercouse de xeonllos e, arrastrándose ata o leito, levantou a man regañada, escorregou o anel e colleuno.

Axiña, cumpríuse a escura predicción xeomántica. O soño de inmortalidade do rei Salomón rompeuse. Nun segundo, o seu corpo desfíxose e reduciuse a unha mancha de osamentas brancas e puídas que as mans delicadas da momia semellaban protexer aínda. Pero Sufrah, fulminado polo poder da figura do Vermello na casa da Morte, trouso nun chorro vermello todo o sangue da súa vida e caeu no adormecemento da inmortalidade terrestre. Co selo do rei Salomón no dedo, deitouse preto do leito de diamante, preservado da corrupción durante miríades de anos, no lugar pecho e secreto que lera na figura da Prisión. A porta de ferro caeu de novo sobre o corredor de pórfiro e os cans de lume empezaron a vela-lo xeomántico mortal.

## FRATE DOLCINO

### Herexe

Aprendeu a coñecer-las cousas santas na igrexa de Orto San Michele, onde a súa nai o erguía para que puidese tocar coas manciñas as fermosas figuras de cera penduradas diante da Santa Virxe. A casa dos seus pais comunicaba co baptisterio. Tres veces ó día, ó amencer, ó mediodía e á noite, vía pasar dous irmáns da orde de San Francisco que mendigaban pan e levaban as codias nun cesto. Seguíaos decote ata a porta do convento. Un deses monxes era moi vello: dicía que aínda o ordenara o mesmo San Francisco. Prometeulle ó neno ensinarlle a falar ós paxaros e a tódolos pobres animais dos campos. Dolcino pasou pronto os seus días no convento. Cantaba cos seus irmáns e a súa voz era fresca. Cando soaba a campá para pela-los legumes, axudáballe a limpa-las herbas ó redor da gran pía. O cociñeiro Robert prestáballe un vello coitelo e deixáballe frega-las escudelas co estropallo. A Dolcino gustáballe mirar no refectorio a cuberta da lámpada na que estaban pintados os doce apóstolos coas sandalias de madeira nos pés e uns mantiños que lles cubrían os ombreiros.

Pero o seu maior pracer era saír cos irmáns cando ían mendiga-lo pan de porta en porta, e levárille-lo cesto cuberto cun pano. Un día que andaban así, na hora na que o sol estaba alto no ceo, negáronlles a esmola en varias casas baixas na ribeira do río. Ía moita calor: os irmáns tiñan moita sede e moita fame. Entraron nun patio que non coñecían de nada e Dolcino botou un berro ó pousa-lo cesto. Pois este patio estaba tapizado de viñas cheas de follas e todo cheo de verdor deleitable e transparente; os leopardos saltaban alí con moitos animais de alén mar, e alí estaban sentadas moitas mozas fermosas e mozos vestidos con tecidos brillantes que tocaban tranquilamente zanfonas e cítaras. Alí a calma era fonda, a sombra, mesta e recendente. Todos escoitaban en silencio ós que cantaban, e o canto era nun modo extraordinario. Os irmáns no dixeron nada; a súa fame e a súa sede foi satisfeita; non ousaron pedir nada. Con grande esforzo decidíronse a saír, pero na ribeira do río, xirándose, non viron abertura ningunha na muralla. Creron que era unha visión de necromancia, ata o momento no que Dolcino descubriu o cesto. Estaba cheo de pans brancos coma se Xesús coas súas propias mans multiplicase nel as ofrendas.

Así lle foi revelado a Dolcino o milagre da mendicidade. Sen embargo non entrou na orde, pois recibiu unha idea máis alta e singular da súa vocación. Os irmáns levábano polos camiños cando ían dun convento a outro, de Bolonia a Módena, de Parma a Cremona, de Pistoia a Lucca. E foi en Pisa onde se sentiu arrebatado pola verdadeira fe. Durmía sobre a cima dun muro do palacio bispal, cando o espertou o son da bucina. Unha morea de nenos que levaban ramos e candeas acesas rodeaban na praza a un home salvaxe que sopraba nunha trompeta de bronce. Dolcino creu ver a San Xoán Bautista. Aquel home tiña unha barba longa e negra; vestía un saco de cilicio escuro, marcado cunha gran cruz vermella, desde o pescozo ata os pés; arredor do seu corpo levaba atada unha pel de animal. Berrou cunha voz terrible: Laudato et benedetto et glorificato sia lo Patre; e os nenos repetiron en voz alta; despois engadiu: sia lo Fijo, e os nenos arremedárono; despois engadiu: Sia lo Spiritu Sancto; e os nenos dixeron o mesmo despois del; despois cantou con eles: ¡Aleluia, aleluia, aleluia! Finalmente, soprou na trompeta e púxose a orar. A súa verba era áspera coma o viño da montaña –pero atrouxo a Dolcino–. Onde queira que o monxe do cilicio tocaba a bucina, Dolcino ía admiralo, desexando a súa vida. Era un ignorante axitado pola violencia; non sabía nada de latín; para ordena-la penitencia berraba: Penitenzagite! Pero anunciaba sinistramente as predicións de Merlín, e da Sibila, e do abate Joachim, que están no Libro das Figuras; profetizaba que o Anticristo viñera na forma do emperador Federico Barba Roxa, que se consumara a súa ruína, e que os Sete Ordes ergueríanse logo tras del, segundo a interpretación da Escritura. Dolcino seguiu ata Parma, onde lle veu a inspiración e comprendeu todo.

O Anunciador precedía Ó que había de vir, o fundador do primeiro dos Sete Ordes. Na pedra ergueita de Parma, onde facía anos que os alcaldes falaban ó pobo, Dolcino proclamou a nova fe. Dicía que había que se vestir con manteletas de tea branca, coma os apóstolos que estaban pintados na cuberta da lámpada, no refectorio dos Irmáns Menores. Aseguraba que non chegaba con facerse bautizar; e para volver enteiramente á inocencia dos nenos, fabricou un berce, fixo que lle puxesen enxovais e pediulle o peito a unha muller simple que chorou de piedade. Para pór a súa castidade a proba, pediulle a unha burguesa que persuadise a súa filla de que se deitase espida contra el nun leito. Mendigou un saco cheo de denarios e distribuíunos entre os pobres, os ladróns e as mozas comúns, declarando que non facía falta traballar, senón vivir ó xeito dos animais nos campos. Roberto, o cociñeiro do convento, escapou para seguilo e alimentalo nunha escudela que lles roubara ós pobres irmáns. As xentes piadosas pensaron que volvera o tempo dos cabaleiros de Xesucristo e dos cabaleiros de Santa María, e dos que seguiran noutros tempos, errantes e carraxentos, a Gerardino Secarelli. Xuntábanse pampos arredor de Dolcino e murmuraban: “Pai, pai, pai!” Pero os Irmáns Menores fixérono botar de Parma. Unha moza de casa nobre, Margherita, correu tras del

pola porta que dá ó camiño de Plasencia. Cubriuna cun saco marcado cunha cruz e levouna con el. Os porqueiros e maillos vaqueiros fitábanos nos bordos dos campos. Moitos deixaron os seus animais e foron con eles. Mulleres prisioneiras que os homes de Cremona mutilaran cruelmente cortándolle-lo nariz imploráronlles e seguíronos. Levaban a cara envolta nun lenzo branco; Margherita instruíunas. Establecéronse todos nunha montaña fragosa, non lonxe de Novara, e practicaron a vida común. Dolcino non estableceu nin regra nin orde ningunha, pois estaba convencido de que tal era a doutrina dos apóstolos, e que tódalas cousas debían ser por caridade. Os que querían alimentábanse coas bagas das árbores; outros mendigaban nos poboados, outros roubaban gando. A vida de Dolcino e de Margherita foi libre baixo o ceo. Pero as xentes de Novara non quixeron comprendelo. Os campesiños queixábanse dos roubos e do escándalo. Fixeron vir unha banda de homes de armas para cingui-la montaña. O país expulsou ós apóstolos. A Dolcino e Margherita atáronos sobre unha burra, de cara ás ancas; leváronos á gran praza de Novara. Queimáronos alí na mesma fogueira, por orde da xustiza. Dolcino só pediu unha gracia: que os deixasen vestidos, no suplicio, entre as chamas, coma os Apóstolos da cobertura da lámpada, coas súas dúas manteletas brancas.

## CECCO ANGOLIERI

Poeta rancoroso

Cecco Angolieri naceu rancoroso en Siena, o mesmo día que Dante Alighieri en Florencia. O seu pai, que se enriquecera no comercio das las, inclinábase polo Imperio. Dende a súa infancia, Cecco tivo celos dos grandes, desprezounos e rosmou oracións. Moitos nobres xa non querían someterse ó Papa. Sen embargo os xibelinos cederan. Pero entre os Güelfos mesmos había os Brancos e os Negros. Os Brancos non aborrecían a intervención imperial. Os negros seguían fieis á Igrexa, a Roma, á Santa Sede. Cecco tivo o instinto de facerse Negro, quizais porque o seu pai era Branco.

Odiouno case dende o primeiro alento. Ós quince anos reclamou a súa parte da fortuna coma se o vello Angolieri morrese. O rexeitamento anoxouno e deixou a casa paterna. Dende entón non deixou de queixarse ós que pasaban e ó ceo. Veu a Florencia polo camiño grande. Os Brancos aínda reinaban alí, mesmo despois de que botasen ós xibelinos. Cecco mendigou o seu pan, deu testemuña da dureza do seu pai e acabou por aloxarse no cubil dun zoqueiro que tiña unha filla. Chamábase Becchina e Cecco creu que a amaba.

O zoqueiro era un home sinxelo, amigo da Virxe, da que levaba medallas, e persuadido de que a súa devoción lle daba dereito a corta-los zapatos en coiro ruín. Parolaba con Cecco da santa teoloxía e da excelencia da gracia, á luz dunha candeia de resina, antes da hora de deitarse. Becchina lavaba os pratos, e tiña o pelo sempre enguedellado. Ría de Cecco porque tiña a boca torta.

Por ese tempo, empezou a estenderse en Florencia o rumor do amor excesivo que tivera Dante dos Alighieri pola filla de Folco Ricovero de Portinari, Beatriz. Os letrados sabían de memoria as cancións que lle dedicara. Cecco oíunas recitar e censurounas duramente.

—Oh, Cecco —dixo Becchina—, ti fas burla dese Dante, pero non serías capaz de escribir tan fermosos envíos para min.

—Xa veremos —dixo Angolieri, burlándose.

E primeiro compuxo un soneto no que criticaba a medida e o sentido das cancións de Dante. Despois fixo versos para Becchina, que non os sabía ler, e que estoupaba coa risa cando Cecco llos declamaba, porque non podía atura-los acenos amorosos da súa boca.

Cecco era pobre e espido coma unha pedra de igrexa. Amaba á nai de Deus con furor, o que volvía ó zoqueiro indulxente. Os dous xuntos vían algúns clérigos miserables, asalariados dos Negros. Esperaban moito de Cecco, que semellaba iluminado, pero non había diñeiro que darlle. Así, malia a súa loable fe, o zoqueiro tivo que casar a Becchina cun veciño gordo, Barberino, que vendía aceite. “¡E o aceite pode ser santo!”, díxolle piadosamente o zoqueiro a Cecco Angolieri, para escusarse. Fixeron a voda máis ou menos ó mesmo tempo que Beatriz casou con Simone de Bardi. Cecco imitou a dor de Dante.

Pero Becchina non morreu para nada. O 9 de xuño de 1291, Dante debuxaba sobre unha taboíña, e era o primeiro aniversario trala morte de Beatriz. Descubriron que esbozara un anxo de rostro semellante ó rostro da benquerida. Once días despois, o 20 de xuño, Cecco Angolieri (cando Barberino estaba ocupado no



mercado do aceite) obtivo de Becchina o favor de bicala na boca, e compuxo un soneto ardente. A xenreira non mingou no seu corazón por iso. Quería ouro co seu amor. Non llo puido sacar ós usureiros. Esperou obtelo do seu pai e foise para Siena. Pero o vello Angolieri negoulle ó fillo mesmo un vaso de viño cativo, e deixouno sentado no camiño, diante da casa.

Cecco vira na sala unha bolsa de floríns que acabaran de acuñar. Eran as rendas de Arcidosso e de Montegiovi. Morría coa fame e coa sede; as súas roupas estaban esfarrapadas, a súa camisa fumegaba. Volveu, poeirento, a Florencia, e Barberino púxo na porta da súa tenda, por causa dos seus farrapos.

Cecco volveu, polo serán, ó antro do zoqueiro, ó que atopou cantándolle unha dócil canción a María ó fume da candeia.

Os dous bicáronse e choraron piadosamente. Despois do himno, Cecco contoulle ó zoqueiro o odio terrible e desesperado que lle tiña ó pai, un vello que ameazaba con vivir tanto coma o xudeu errante Botadeo. Un crego que entraba para conferenciar sobre as necesidades do pobo persuadiuno de espera-la súa liberación no estado monástico. Conduciu a Cecco a unha abadía, onde lle deron unha cela e un vello hábito. O prior impúxolle o nome de irmán Henrique. No coro, durante os cantos nocturnos, tocaba coas mans as lousas despoixadas e frías coma el. A carraxe apertáballe a gorxa cando lle daba por matinar na riqueza do pai; semelláballe que antes secaba o mar que morría seu pai. Sentíase tan desposuído que houbo momentos nos que creu que lle gustaría ser sumidoiro de cociña. “É algo, dicía para el, ó que ben se podería aspirar.”

Noutros momentos, tivo a tolemia do orgullo: “Se eu fose lume”, pensou, “faría arde-lo mundo; se fose vento, sopraría o furacán nel; se fose auga, afogaríao no diluvio; se fose Deus, afundiríao no espacio; se fose papa, non habería máis paz baixo o sol; se fose o Emperador, cortaríao por todos lados; se fose a Morte, iría atopar a meu pai... Se fose Cecco... velaí toda a miña esperanza...” Pero era frate Arrigo. Despois volveu á súa xenreira. Fíxose cunha copia das cancións para Beatriz e comparounas pacientemente cos versos que escribira para Becchina. Por un monxe errante soubo que Dante falaba del con abaxo. Buscou os medios para se vingar. A superioridade dos sonetos a Becchina semelláballe evidente. As cancións para Bice (dáballe o seu nome vulgar) eran abstractas e brancas; as súas estaban cheas de forza e de cor. Primeiro envioulle versos de insulto a Dante; despois matinou denunciálo ó bo rei Carlos, conde de Provenza. Finalmente, como ninguén se preocupaba nin polas súas poesías nin polas súas cartas, quedou sen poder facer nada. En fin, aburriuse de alimenta-la súa xenreira na inacción, despoixouse do seu hábito, volveu pó-la camisa sen corchetes, a súa chaquetiña usada, o seu carrapucho lavado pola choiva e volveu solicita-la asistencia dos Irmáns devotos que traballaban para os Negros.

Esperáballe unha gran ledicia. Dante fora exiliado: só había partidos escuros en Florencia. O zoqueiro murmuráballe humildemente á Virxe o próximo triunfo dos Negros. Na súa voluptuosidade, Cecco Angolieri esqueceu a Becchina. Vagou polos regachos, comeu codias duras, correu a pé tralos enviados da Igrexa que ían a Roma e volvían a Florencia. Viron que podería servir. Corso Donati, xefe violento dos Negros, que volvera a Florencia, e poderoso, empregouno xunto con outros. A noite do 10 de xuño de 1304, unha turba de cociñeiros, de tintureiros, de ferreiros, de cregos e de mendigos, invadiu o nobre barrio de Florencia onde estaban as fermosas casas dos Brancos. Cecco Angolieri brandía o fachón resinoso do zoqueiro que o seguía a distancia, admirando os decretos celestes. Incendiaron todo e Cecco prendeu lume ó artesoado dos balcóns dos Cavalcanti, que foran os amigos de Dante. Aquela noite apagou a súa sede de odio con lume. Ó día seguinte envioulle a Dante “o lombardo” versos de insulto á corte de Verona. O mesmo día converteuse en Cecco Angolieri, como o desexara tantos anos: o seu pai, tan vello coma Elías ou Enoch, morreu.

Cecco correu a Siena, desfondou os cofres e afundiou as mans nas bolsas de floríns novos, repetiu para si cen veces que xa non era o pobre irmán Henrique, senón nobre, señor de Arcidosso e de Montegiovi, máis rico ca Dante e mellor poeta. Despois pensou que era pecador e que desexara a morte do seu pai. Arrepentiuse. Esborrachou no mesmo momento un soneto para pedirlle ó Papa unha cruzada contra tódolos que insultaran ós seus pais. Ávido de confesarse, volveu bulindo a Florencia, deulle unha aperta ó zoqueiro, e suplicoulle que intercedese ante María por el.

Precipitouse á casa do mercador de ceras santas e comprou unha gran candeia. O zoqueiro acendeuna untuosamente. Os dous choraron e rezaron á Nosa Señora. Ata as horas serodias escoitouse a voz plácida do zoqueiro que cantaba gabanzas, aledábase co seu fachón e enxugaba as bágoas do seu amigo.

## PAOLO UCCELLO

### Pintor

Chamábase realmente Paolo di Dono, mais os florentinos chamáronlle Uccelli, ou Paulo paxaros, a causa do gran número de paxaros figurados e de animais pintados que enchían a súa casa: pois era demasiado pobre para alimentar animais ou procura-los que non coñecía. Din mesmo que en Padua executou un fresco dos catro elementos, e que lle deu por atributo ó aire a imaxe do camaleón. Pero nunca os vira, de xeito que representou un camelo barrigudo co fociño aberto. (Agora ben, o camaleón, explica Vasari, aseméllase a unha lagarta seca, mentres que o camelo e unha gran besta desgairada.) E é que Uccello non se preocupaba para nada da realidade das cousas, senón da súa multiplicidade e do infinito das liñas; de xeito que fixo campos azuis, e cidades vermellas, e cabaleiros que levaban armaduras negras sobre cabalos de ébano coa boca flamexante, e lanzas dirixidas coma raios de luz cara a tódolos puntos do ceo. E tiña o costume de debuxar mazocchi, que son círculos de madeira recuberta de pano que se poñen na cabeza, de xeito que os pregos do tecido sobran rodeen todo o rostro. Uccello debuxounos apuntados, outros cadrados, outros con facetas, dispostos en pirámides e en conos, seguindo tódalas aparencias da perspectiva, ata atopar un mundo de combinacións nos pregues do mazzocchio. E o escultor Donatello dicíalle: “¡Ah! ¡Paolo, deixa-la sustancia para a sombra!”

Pero o Paxaro seguía a súa obra paciente, e xuntaba os círculos, e dividía os ángulos, e examinaba tódalas criaturas baixo tódolos seus aspectos, e íalle pregunta-la interpretación dos problemas de Euclides ó seu amigo o matemático Giovanni Manetti; e despois pechábase e cubría os seus pergameos e as súas táboas de puntos e de curvas. Empregouse perpetuamente no estudio da arquitectura, no que foi axudado por Filippo Brunelleschi; pero non era en absoluto coa intención de construír. Limitábase a reparar nas direccións das liñas desde os alicerces ata as cornixas, e na converxencia das rectas nas súas interseccións, e no xeito no que as bóvedas volvían ás claves, e no escorzo en abanico das traves do teito que parecían xuntarse no extremo das longas salas. Tamén representaba tódolos animais e os seus movementos, e os xestos dos homes para reducilos a liñas simples.

Acto seguido, semellante ó alquimista que se inclinaba sobre as mesturas de metais e de órganos e que espiaba a súa fusión no propio forno para atopar ouro, Uccello vertía tódalas formas no crisol das formas. Reuníaas, e combinábaas, e fundíaas, para obte-la súa transmutación na forma simple, da que dependen tódalas outras. Velaí por qué Paolo Uccello viviu coma un alquimista no fondo da súa casifa. Creu que podería mudar tódalas liñas nun só aspecto ideal. Quixo concibi-lo universo creado tal como se reflectía no ollo de Deus, que ve abrollar tódalas figuras fóra dun centro complexo. Arredor del vivían Ghiberti, della Robbia, Brunelleschi, Donatello, cada un orgulloso e mestre da súa arte, burlándose do coitado Uccello, e da súa tolemia da perspectiva, compadecendo a súa casa chea de arañas, baleira de provisións; pero Uccello era aínda máis orgulloso. A cada nova combinación de liñas esperaba ter descuberto o xeito de crear. Non era na imitación onde puña o seu obxectivo, senón no poder de desenvolver soberanamente tódalas cousas, e a estraña serie de carrapuchas con pregues parecíalle máis reveladora cás magníficas figuras de mármore do gran Donatello.

Deste xeito vivía o Paxaro, e a súa testa pensativa estaba envolta na súa capa; e non se decataba do que comía nin do que bebía, senón que era enteiramente semellante a un eremita. E así foi que nunha pradería, preto dun círculo de vellas pedras afundidas entre a herba, viu un día unha moza que ría, coa cabeza cinguida por unha grilanda. Levaba un longo vestido delicado sostido nos riles por unha cinta esvaecida, e os seus movementos eran flexibles coma os talos que curvaba. Chamábase Selvaggia, e sorríulle a Uccello. El notou a flexión do seu sorriso. E cando ela o fitou, el viu tódalas pequenas liñas das súas pestanas, e os círculos das súas pupilas, e a curva das súas pálpebras, e os entretecidos sutís dos seus cabelos, e no seu pensamento fixo describir unha multitude de posicións á grilanda que cinguía a súa fronte. Pero Selvaggia non soubo nada diso, porque só tiña trece anos. Colleu a Uccello pola man e amouno. Era a filla dun tintureiro de Florencia, e a súa nai morrera. Outra muller viñera á casa, e batéralle. Uccello levouna á casa del.

Selvaggia permanecía todo o día en crequenias diante da parede sobre a que Uccello trazaba as formas universais. Endexamais comprendeu por qué el prefería considerar unhas liñas rectas e unhas liñas arqueadas a mira-la doce figura que se erguía cara a el. No serán, cando Brunelleschi ou Manetti viñan estudar con Uccello, ela adormecía, pasada a media noite, ó pé das rectas entrecruzadas, no círculo de sombra que se estendía baixo a lámpada. Pola mañá acordaba antes que Uccello, e aledábase porque estaba rodeada de paxaros pintados e de animais de cores. Uccello debuxou os seus beizos, e os seus ollos, e o seu pelo, e as súas mans, e fixou tódalas posturas do seu corpo; pero nunca fixo o seu retrato, como facían os outros pintores que amaban a unha muller. Pois o Paxaro non coñecía a ledicia de limitarse a un individuo; nunca ficaba nun só lugar: quería planar, no seu voo, sobre tódolos lugares. E as formas das

posturas de Selvaggia foron arreboladas ó crisol das formas, xunto con tódolos movementos dos animais, e as liñas das plantas e das pedras, e os raios da luz, e as ondulacións dos bafos terrestres e das ondas do mar. E sen lembrarse de Selvaggia, Uccello parecía ficar eternamente inclinado sobre o crisol das formas.

Mais non había nada de comer na casa de Uccello. Selvaggia non ousaba dicirllo a Donatello nin ós outros. Calou e morreu. Uccello representou o proceso da rixidez do seu corpo, e a unión das súas manciñas fracas. Non soubo que ela morrera, do mesmo xeito que non soubera se estaba viva. Pero arrebolou esas novas formas entre tódalas que reunira.

O paxaro fíxose vello, e ninguén comprendía xa os seus cadros. Só vían neles unha confusión de curvas. Xa non se recoñecía máis nin a terra, nin as plantas, nin os animais, nin os homes. Facía longos anos que traballaba na súa obra suprema, que agochaba a tódolos ollos. Ía abranguer tódalas súas procuras, e era a imaxe delas na súa concepción. Era santo Tomás incrédulo, tentando a chaga de Cristo. Uccello rematou o seu cadro ós oitenta anos. Fixo vir a Donatello, e descubriuno piadosamente diante del. E Donatello exclamou: “¡Oh, Paolo, volve cubri-lo cadro!” O Paxaro interrogou ó gran escultor: pero este non quixo dicir máis. De xeito que Uccello comprendeu que completara o milagre. Pero Donatello só vira un enguedello de liñas.

E uns anos máis tarde atoparon a Paolo Uccello morto de esgotamento no propio catre. O seu rostro radiaba engurras. Os seus ollos estaban fixados sobre o misterio revelado. Tiña no puño apertado un circuliño de pergameo cuberto de entrelazados que ían do centro á circunferencia e que volvían da circunferencia ó centro.

## NICOLÁS LOYSELEUR

### Xuíz

Naceu o día da Asunción, e foi devoto da Virxe. Tiña o hábito de invocala en tódalas circunstancias da súa vida e non podía oír-lo seu nome sen que se lle enchesen os ollos de bágoas. Despois de estudar nun faiadiño da rúa Saint-Jacques baixo a titoría dun clérigo fraco, na compañía de tres rapaces que rosmaban o Donat e os salmos da Penitencia, aprendeu laboriosamente a lóxica de Ockham. Deste xeito fíxose axiña bacharel e mestre en artes. As venerables persoas que o instruían notaron nel unha gran dozura e unha unción encantadora. Tiña uns beizos gordos dos que esvaraban as verbas para adorar. Dende que tivo o bacharelato de teoloxía, a Igrexa puxo os ollos nel. Oficiou primeiro na diocese do bispo de Beauvais, que soubo das súas calidades e serviuse del para avisar ós ingleses que estaban diante de Chartres sobre diversos movementos dos capitáns franceses. Cando tivo arredor de trinta e cinco anos de idade fixérono cóengo da catedral de Roñen. Alí foi bo amigo de Mean Bruillot, cóengo e chantre, co que salmodiaba fermosas ladaíñas en honor de María.

Ás veces amoestaba a Nicole Coppequesne, que era do seu cabido, sobre a súa aburrída predilección por Santa Anastasia. Nicole Coppequesne non cansaba de admirar que unha rapaza tan asisada enfeitizara a un prefecto romano ata o punto de namoralo, nunha cocíña, das marmitas e dos caldeiros, que el bicaba con tanto fervor que rematou parecendo un demo coa cara toda negrexada. Pero Nicolás Loyseleur mostráballo cómo o poder de María foi superior cando fixo volver á vida a un monxe afogado. Era un monxe lúbrico, pero que nunca deixara de reverenciar á Virxe. Unha noite, erguéndose para ir ás súas malas obras, tivo coidado, mentres pasaba diante do altar de Notre-Dame, de facer unha xenuflexión, e de saudala. A súa lubricidade fixo que afogase no río esa mesma noite. Pero os demos non o deron levado, e cando os monxes sacaron o seu corpo da auga, o día seguinte, abriu os ollos de novo, reanimado pola graciosa María. “¡Ah! Esta devoción é un santo remedio”, suspiraba o cóengo, “e unha persoa venerable e discreta coma vostede, Coppequesne, debe sacrificarlle o amor a Anastasia.”

A gracia persuasiva de Nicolás Loyseleur non foi esquecida en absoluto polo bispo de Beauvais cando empezou a instruír en Roñen o proceso de Jeanne la Lorraine. Nicolás vestiuse con hábitos curtos, laicos, e coa súa tonsura escondida baixo un capucho, fíxose introducir na cativa cela redonda, baixo dunha escaleira, onde estaba encerrada a presa.

—Jeannette —dixo, manténdose na sombra—, paréceme que é Santa Catarina quen me envía a ti.

—E, no nome de Deus, ¿quen é vostede logo? —preguntou Jeanne.

—Un coitado zapateiro de Greu —dixo Nicolás—. Vaia, do noso malfadado país; e os “Godons” prendéronme coma a ti, rapaciña, ¡loada sexas do ceo! ¡Anda! Coñézote ben; e téñote visto moitísimas

veces cando lle viñas rezar á moi santa Nai de Deus na igrexa de Santa María de Bermont. E teño escoitado contigo decote as misas do noso bo crego Guillaume Front. Vaia, ¿e acórdaste de Mean Moreau e de Mean Barre de Neufchâteau? Son os meus compadres.

Entón Jeanne chorou.

—Jeannette, ten confianza en mín —dixo Nicolás—. Ordenáronme crego cando era neno. E, mira, velaquí a tonsura. Confesa rapaciña, confesa con toda liberdade, que son amigo do noso gracioso rei Charles.

—Confesaríame de boa gana a vostede, amigo meu —dixo a boa Jeanne.

Agora ben, fixeran un burato no muro; e fóra, baixo un chanzo da escaleira, Guillaume Manchon e Bois-Guillaume rexistraban as minutas da confesión. E Nicolás Loyseleur dicía:

—Jeannette, persiste nas túas verbas e sé constante; oos ingleses non ousarán facerche mal.

Ó día seguinte, Jeanne foi diante dos xuíces. Nicolás Loyseleur colocárase cun notario no oco dunha fiestra, tras un pano de estameña, para engorda-los cargos só e deixar en branco as escusas. Pero os outros dous escribíans reclamaron. Cando Nicolás reapareceu na sala, fíxolle acenos a Jeanne para que non parecese nada sorprendida, e asistiu severamente ó interrogatorio.

O 9 de maio opinou na gran torre do castelo que se debían insta-los tormentos.

O 12 de maio, os xuíces reuníronse na casa do bispo de Beauvais para deliberar se era útil someter a Jeanne a tortura. Guillaume Erart pensaba que non pagaba a pena, habendo materia ampla dabondo sen tortura. Mestre Nicolás Loyseleur dixo que lle parecía que para a menciña da súa alma, sería bo que a sometesen a tortura, pero o seu consello non prevaleceu.

O 24 de marzo, Jeanne foi levada ó camposanto de Saint-Ouen, onde a fixeron subir a un cadafalso de xeso. Atopou cerca dela a Nicolás Loyseleur que lle falaba á orela mentres que Guillaume Erart lle predicaba. Cando a ameazaron co lume, púxose branca; o cóengo, mentres que a sostíña, chiscóulle-lo ollo ós xuíces e dixo: “Abxurará”. Guiouille a man para marcar cunha cruz e un círculo o pergameo que lle tenderon. Despois acompañouna baixo unha portíña baixa e acariciouille os dedos:

—Miña Jeannette —díxolle—, fíxeches un bo día, gracias a Deus; salváche-la túa alma. Jeanne, ten confianza en min, porque se queres hante liberar. Colle as túas roupas de muller, fai todo o que se che ordene; doutro xeito estarás en perigo de morte. E se fa-lo que che digo, estarás salvada, terás moito ben e non terás mal; senón que estarás no poder da Igrexa.

O mesmo día, despois de cear, foi vela na súa nova prisión. Era unha peza media do castelo á que se chegaba subindo oito chanzos. Nicolás sentou sobre o leito cerca do que había un gran madeiro unido a unha cadea de ferro.

—Jeannette. Ves como Deus e a Nosa Señora che fixeron unha gran misericordia neste día, xa que te recibiron na gracianta misericordia da nosa Santa Nai Igrexa; haberá que obedecer humildemente as sentencias e as ordenanzas dos xuíces e das persoas eclesiásticas, abandona-las túas vellas imaxinacións e non volver nunca a elas, senón a Igrexa abandonaríate para sempre. Colle, velaquí, roupas honestas de muller decente; Jeannette, cóidaas moito; e que che rapen ese pelo que che vexo e que está cortado en redondo.

Catro días despois, Nicolás entrou silandeiro pola noite no cuarto de Jeanne e rouboulle a camisa e a saia que lle dera. Cando lle anunciaron que vovera colle-los seus hábitos de home:

—Vaites —dixo—, é relapsa e caída profundamente no mal.

E na capela do arcebispado, repetiu as palabras do Doutor Gilles de Duremort:

—Nós, xuíces, non podemos senón declarar a Jeanne herética e abandonala á xustiza secular pregándolle que sexa benévola con ela.

Antes de que a levasen ó gris camposanto, veu exhortala na compañía de Mean Toutmouillé.

—Oh Jeannette —díxolle—, non agoches máis a verdade; agora só debes pensar na salvación da túa alma.

Creime rapaciña: dentro dun momento, na asemblea, humillaraste e farás, de xeonllos, a túa confesión pública. Que sexa pública, Jeanne, humilde e pública, para a menciña da túa alma.

E Jeanne pediulle que llo recordase, temendo que non se atrevería diante de tanta xente.

El ficou para vela queimar. Foi entón cando a súa devoción pola Virxe se manifestou visiblemente. Logo de oír-las chamadas de Jeanne a Santa María, empezou a chorar ás cuncas. Tanto o nome da Nosa Señora lle removía a alma. Os soldados ingleses creron que se apiudara, frustrárono e perseguírono coa espada en alto. Se o conde de Warwick non estendese a man sobre el, degolábase. Subiu con pena sobre un cabalo do conde e fuxiu.

Durante longos días errou polos camiños de Francia, sen ousar volver a Normandía e teméndolle á xente do rei. Ó cabo chegou a Basilea. Sobre a ponte de madeira, entre as casas bicudas, cubertas de tellas estriadas en oxivas, e as pementeirás azuis e amarelas, tivo de súpeto un cegamento fronte a luz do Rhin; creu que afogaba, coma o monxe lúbrico, no medio da auga verde que se arremuíñaba nos seus ollos; a palabra María afogou na súa gorxa, e morreu cun salouco.

## KATHERINE A PALILLEIRA

### Moza amorosa

Naceu cara á metade do século quince, na rúa da Pergamiñería, cerca da rúa Saint-Jacques, nun inverno que fixo tanto frío que os lobos atravesaron París correndo sobre a neve. Unha vella, que tiña o nariz vermello baixo a carrapucha, recolleuna e criouna. E ó principio xogou baixo os soportais con Perrenette, Guillemette, Ysabeau e Jehanneton, que levaban refaixiños e afundían as súas manciñas arroxadas nos regachos para pilla-los anacos de xeo. Tamén miraban os caloteiros que enganaban ós paseantes co xogo de táboas que lle chaman Saint-Merry. E baixo os tornachuvias axexaban as tripas nas sellas, e as longas salchichas abaneando, e os grosos ganchos de ferro nos que os carniceiros penduran os cuartos de carne. Preto de Saint-Benoît le Bétourné, onde están as escribanías, escoitaban renxe-las plumas, e, pola noite, apagaban as candeas no nariz dos clérigos, soprando polas bufardas das tendas. No Petit-Pont, amolaban ás arenqueiras e fuxían voando cara á praza Maubert, agochábanse nos ángulos da rúa des Trois Portes; despois, sentadas sobre o peitoril da fonte, tarabeleaban ata a brétema da noite.

Así pasou a primeira mocidade de Katherine, antes de que a vella lle ensinase a sentar diante dun alfineteiro e a entrecruzar pacientemente os fíos de tódolos palillos. Máis tarde adornou o seu oficio: Jehanneton facía carrapuchos, Perrenette era lavandeira e Ysabeau facía luvas, e Guillemette, a máis leda, facía salchichas, cunha cariña carmesí que relucía coma se a fregasen con sangue fresco de porco. Polo que respecta ós que xogaran ó Saint-Merry, empezaban xa outras empresas; algúns estudiaban na montaña Sainte-Geneviève, e outros batían as cartas no Trou-Perrette, e outros chocaban as xerras de viño de Aunis na Pomme de Pin e outros rifaban na casa da Grosse Margot, e cara ó mediodía víanse na entrada da taberna, na rúa des Fèves, e cara á media noite, saían pola porta da rúa des Juifs. En canto a Katherine, entretecía os fíos do seu encaixe, e nos seráns do verán tomaba o sereno no banco da igrexa, onde estaba permitido rir e parolar.

Katherine levaba unha chambrá crúa e unha túnica de cor verde; engaiolábana os atavíos, non odiaba nada tanto coma a rodela que marca ás fillas cando non son de liñaxe nobre. Amaba por igual os testóns, as moedas de prata, e sobre todo os escudos de ouro. Isto foi o que fixo que se arrexuntase con Casin Cholet, sarxento de varas do Châtelet; á sombra do seu oficio, el gañaba cartos de malas maneiras. A miúdo, ela ceaba na súa compañía na hospedaría da Mula, fronte á igrexa dos Mathurins; e, despois de cear, Casin Cholet ía roubar galiñas na parte de atrás dos fosos de París. Levábaas debaixo do seu tabardo, e vendíaas moi ben á Machecroue, viúva de Arnoul, fermosa vendedora de aves na porta do Châtelet.

Logo deixou Katherine o seu oficio de palilleira: pois a vella do nariz vermello podrecía no osario dos Inocentes. Casin Cholet atopou para a súa amiga un cuartíño baixo, preto das Trois Pucelles, e ía vela alí no luscofusco. Non lle prohibía que se amosase pola fiestra, cos ollos anegados polo carbón, e as fazulas untadas de albaialde, e tódalas potas, cuncas e pratos de froita nos que Katherine ofrecía de beber e comer a tódolos que pagaban ben foron roubados na Chaire, ou nos Cygnes, ou na pousada do Plat d'étain. Casin Cholet desapareceu un día que empeñara o vestido e o medio cinto de Katherine nas Trois-lavendières. Os amigos da palilleira díxéronlle que lle bateran no fondo dunha carreta e o botaran fóra de París, por orde do Preboste, pola Porta Baudoyer. Non o viu máis; e soa, sen folgos para gaña-los cartos, fíxose moza amorosa, e paraba en calquera sitio.

Ó primeiro, esperaba nas portas das hospedaría; e os que a coñecían levábana detrás dos muros, baixo o Chatêlet, ou contra o colexio de Navarra; despois, cando fixo demasiado frío, unha vella compracente fíxo a entrar nos baños, onde a acolleu a patroa. Viviu alí nun cuarto de pedra, cuberto de canaveiras verdes. Deixáronlle o nome de Katherine a palilleira, aínda que non palillara en absoluto. Ás veces dábanlle a liberdade de pasear polas rúas, coa condición de que volvese á hora na que a xente ten costume de ir ós baños. E Katherine erraba diante das tendas da luveira e da carrapucheira, e moitas veces botou moito tempo envexando a cara sanguínea da salchicheira, que ría entre as súas carnes de porco. Despois volvía ós baños, que a patroa iluminaba no crepúsculo con velas que ardían vermellas e fundían pesadamente tralos vidros negros.

Ó final Katherine cansou de vivir pecha nunha peza cadrada; escapou polos camiños. E dende entón non foi máis parisiense, nin palilleira; senón semellante ás que roldan ó redor das vilas de Francia, sentadas nas pedras dos camposantos, para dar pracer ós que pasan. Esas mociñas non teñen máis nome có que convén á súa cara, e Katherine tivo o nome de Fociños. Andaba polos prados, e polo serán axexaba na beira dos camiños, e víase a súa garatuxa branca entre as moreiras dos cerrumes. Fociños aprendeu a atura-lo medo nocturno no medio dos mortos, cando os seus pés tremelicaban ó rozaren as tumbas. Nin testóns, nin moedas de prata, nin escudos de ouro; vivía pobremente de pan e queixo, e da súa escudela de auga. Tivo amigos desgraciados que lle muiñaban de lonxe: “¡Fociños!, ¡Fociños!” E ela quíxoos.

A máis grande tristura tíña cando oía as campás das igrexas e das capelas; porque Fociños lembraba as noites de xuño nas que sentara, cun refaixo verde, sobre os bancos dos soportais santos. Era no tempo en que envexaba os atavíos das mulleres; agora xa non lle quedaban nin rodela nin carrapucho. Coa testa descuberta, esperaba o seu pan, apoiada nunha basta lousa. E botaba de menos as velas vermellas dos baños na noite do camposanto, e as canaveiras da peza cadrada en vez da lama gorda na que se afundían os seus pés.

Unha noite, un rufián que se facía pasar por home de guerra cortoulle a gorxa a Fociños para roubarlle o cinto. Pero non atopou bolsa ningunha.

## ALAIN LE GENTIL

### Soldado

Serviu ó rei Carlos VII dende a idade de doce anos, como arqueiro, levárono homes de guerra na terra cha de Normandía. O xeito no que o levaron foi tal que así. Mentres prendían os celeiros, esfolaban as pernas dos labregos con coitelos de cinto, e derrubaban as mozas nos catres rotos de cintas de coiro, o pequeno Alain aniñárase nun vello pipo de viño desfondado á entrada do lagar. Os homes de guerra viraron o pipo e atoparon alí un mociño. Levárono con toda a camisa e o saio esfarrapado. O capitán mandou que lle desen unha chaquetonciño de coiro e un vello carrapucho que viña da batalla de Saint-Jacques. Perrin Godin aprendeulle a tirar co arco e a cravar limpamente o cadriño no branco. Pasou de Bordeos a Angulema e do Poitou a Bourges, viu Saint-Pourçain, onde paraba o rei, franqueou as fronteiras da Lorena, visitou Toul, volveu a Picardía, entrou en Flandres, atravesou Saint-Quintin xirou cara a Normandía, e durante vintetrés anos percorreu Francia en compañía armada, onde coñeceu ó inglés Jehan Poule-Cras, que lle fixo sabe-la maneira de xurar por Godón, Chiquerello o lombardo, que lle ensinou a cura-lo lume de Santo Antonio, e á moza Ydre de Laon, que lle aprendeu a baixar os calzóns.

En Ponteau de Mer, o seu compañeiro Bernard d'Anglades persuadiuno de botare fóra das ordenanzas reais, asegurándolle que os dous vivirían ó grande enganando ós parvos cos dados trucados, que lles din “gourds”. Fixérono, sen deixa-lo seu atavío, e finxían xogar, nas lindes dos muros do camposanto, sobre un tamboril roubado. Un mal sarxento do provisor, Pierre Empongnart, fixo que lle amosasen as sutilezas do xogo e díxolles que non tardarían en prendelos: pero que cumpría xurar con afouteza que eran clérigos, para escapar das xentes do rei e reclama-la xustiza da igrexa, e, para iso, rapa-lo curuto da testa e arrebolan rapidamente, en caso de necesidade, os seus colos esnaquizados e as mangas de cor. Tonsurounos el mesmo, coas tesoiras consagradas, e fíxolles remoe-los sete Salmos e o versículo Dominus pars. Despois, cada un tirou polo seu lado, Bernard con Bietrix a craveira, e Alain con Lorenete a candeira.

Como Lorenete quería unha túnica de pano verde, Alain axexou a taberna do Cabalo Branco en Lisieux, onde beberan unha xerra de viño. Volveu pola noite ó xardín, fíxolle un burato ó muro coa súa pica, e entrou na sala onde atopou sete escudelas de estaño, unha carrapucha vermella e unha variña de ouro. Jaquet le Grand, farrapeiro de Lisieux, cambiounas moi ben por unha túnica como a quería Lorenete. En Bayeux, Lorenete quedou nunha casíña pintada, onde disque estaban os baños das mulleres, e a patroa

dos baños, non fixo máis que rir cando Alain le Gentil quixo recollela. Ela volveuno levar á porta, coa candeia nunha man e un pelouro na outra, e preguntoulle se tiña gana de que lle fretase os focifios con el para ver se faiscaba. Alain escapou, tirando a candeia e sacoulle do dedo á mulleriña o que lle pareceu unha varíña preciosa: pero só era de cobre dourado, cun pedrolo rosa falso.

Despois Alain foise vagabundear, e en Maubosson atopou, na hospedaría do Papegaut, a Karandas, o seu compañeiro de armas, que comía callos con outro home chamado Jehan Petit. Karandas aínda levaba a súa lanza curta, e Jehan Petit tiña unha bolsa con agulletas pendurando do cinto. A fibela do cinto era de prata fina. Despois de beberen, discutiron entre os tres de iren a Senlis polo bosque. Puxéronse en ruta polo serán e cando estiveron de cheo na fraga, sen luz, Alain le Gentil foi máis a modo. Jehan le Petit ía diante. E na escuridade, Alain deulle duro coa pica entre os ombreiros, mentres Karandas lle afundía a lanza curta na testa. Caeu de focifios, e Alain, colléndoo entre as pernas, cortoulle a gorxa coa súa daga, de cabo a rabo. Despois atoáronlle o pescozo de follas secas para que non houbese un lagoto de sangue no camiño. Apareceu a lúa nunha clareira da fraga: Alain cortou a fibela do cinto e desatou as agulletas da bolsa, na que había dezaseis moedas de ouro e trinta e seis peciñas. Gardou o ouro e botoulle a bolsa co miúdo a Karandas, polo esforzo, coa pica levantada. Alí separáronse, no medio da clareira, Karandas botando xuramentos no sangue de Deus.

Alain le Gentil non se atreveu a achegarse a Senlis e volveu por rodeos ata a vila de Roñen. Cando acordou, despois da noite, baixo unha sebe florida, viuse rodeado por xente a cabalo que lle amarraron as mans e o levaron ás prisións. Preto do poxigo escapou tralas ancas dun cabalo e correu á igrexa de Saint-Patrice, onde se aloxou contra o altar maior. Os sarxentos non puideron pasar o pórtico. Alain, en franquía, frecuentou libremente a nave e os coros, viu fermosos cálices de rico metal e viñateiras boas para fundir. E a noite seguinte tivo por compañeiros a Denisot e Marignon, ladróns coma el. Marignon tiña unha orella cortada. Non sabían qué comer. Envexaron os ratiños corricáns que aniñaban entre as lousas e engordaban taniscando nas faragullas do pan sagrado. A terceira noite tiveron que saír, comidos pola fame. As xentes da xustiza prendéronos e Alain, que berraba que era crego, esquecera arrinca-las mangas verdes.

Pedi de contado ir ó retrete, descoseu a chaqueta e meteu as mangas na porcallada; pero os homes da cadea avisaron ó preboste. Un barbeiro veu afeitarlle de todo a cabeza de Alain le Gentil para borrarlle a tonsura. Os xuíces riron do pobre latín dos seus salmos. Valeulle de pouco xurar que un bispo o confirmara dunha labazada cando tiña dez anos: non puido acaba-los paternóster. Interrogárono como lego no poldro pequeno e despois no poldro grande. Ó lume das cociñas da prisión declarou os seus crimes, cos membros todos esnogados polo estiramento das cordas e a gorxa rota. O lugartenente do preboste pronunciou a sentenza sobre as baldosas. Amarrárono ó carro, levárono á forca e colgárono. O seu corpo púxose moreno ó sol. O verdugo colleu a súa chaqueta, as súas mangas descosidas e unha fermosa carrapucha de pano fino, forrada de marta cibelina, que roubara nunha boa hospedaría.

## GABRIEL SPENSER

Actor

A súa nai foi unha moza, chamada Flum, que tiña unha saliña baixa ó fondo de Rotten-row, en Picked-hatch. Un capitán, cos dedos cargados de xoias de cobre, e dous galáns, vestidos con xibóns soltos, víñana ver despois de cear. Aloxaba a tres señoritas, que tiñan por nome Poll, Doll e Moll, e que non podían atura-lo cheiro do tabaco. A causa diso subían a miúdo deitarse no leite, e uns cabaleiros educados acompañábanas, despois de lles facer beber un viño de España tépedo, co fin de disipa-los vapores das pipas. O Gabrieliño quedaba aniñado ó abeiro da cheminea para ver cómo se asaban as mazás que botaban nas xerras de cervexa. Tamén ían alí actores coas aparencias máis diversas. Non ousaban aparecer nas grandes tabernas onde ían as compañías a soldo. Algúns falaban ó xeito dos botaporela; outros farfallaban coma idiotas. Aloumiñaban a Gabriel, que aprendeu deles anacos de versos de traxedia e bastas brincadeiras de escena. Déronlle un anaco de pano carmesí, cunha franxa desdourada, e mais unha máscara de veludo e un vello puñal de madeira. Deste xeito desfilaba soíño diante da lareira, brandindo un chamizo coma se fose un facho, e a súa nai Flum facía abanea-la súa triple papada da admiración que lle tiña ó seu neno precoz.

Os actores levárono ó Pano Verde, en Shoreditch, onde tremelicou diante dos accesos de rabia do comediantíño que facía espumallos ouveando o papel de Xerónimo. Tamén se podía ver alí o vello rei Lear, coa súa barba branca esfarrapada, que se axeonllaba para lle pedir perdón á súa filla Cordelia; un pallaso imitaba as tolemias de Tarleton, e outro envolto nunha saba arrepíaba ó príncipe Hamlet. Sir John Oldcastle facía rir a todo o mundo co seu gran bandullo, sobre todo cando collía pola cintura á taberneira que lle

deixaba engurrarlle a punta do gorro e escorre-los dedos gordos na bolsa de entreferro que levaba atada á cintura. O Tolo cantaba cancións que o Parvo non comprendía nunca, e un pallaso cun gorro de algodón sacaba seguido a testa por entre o pano fendido, ó fondo do estrado, para facer acenos. Había ademais un malabarista con monos e un home vestido de muller, que no maxín de Gabriel semellaba a súa nai Flum. Ó final das pezas, os bedeis cos bastóns viñan pórle unha roupa azul escuro e berraban que o fían levar a Bridewell.

Cando Gabriel tivo quince anos, os actores do Pano Verde decatáronse de que era fermoso e delicado e que podería interpreta-los papeis de mulleres e de mozas. Flum peiteáballe os cabelos negros botándollos cara a atrás; tiña a pel moi fina, os ollos grandes, as cellas altas, e Flum furáralle as orellas para pendurar delas dúas perlas falsas dobres. Entrou pois na compañía do duque de Nottingham, e fixéronlle roupas de tafetá e de damasco, con abelorios, de pano de prata e de pano de ouro, corsés con lazos e perrucas de cánabo con longos rizos. Ensináronlle a pintarse na sala de ensaio. Primeiro arrubiou ó subir ó estrado; despois fixo melindres para responder ás galanterías. Poll, Doll e Moll, que viñeran con Flum, toda atarefada, declararon con grandes risas que era xustiño unha muller e quixerónlle desface-los lazos despois da obra. Levárono a Picked-hatch, e a súa nai fíxolle pór un deses vestidos para amosalo ó capitán, que lle fixo mil burlas e lle puxo no dedo un anel ruín de cobre dourado no que estaba engastado un carbuncho de vidro.

Os mellores camaradas de Gabriel Spenser eran William Bird, Edward Juby e os dous Jeffes. Estes empezaron, un verán, a ir actuar nos burgos do campo con actores errantes. Viaxaron nun carro cuberto cun toldo, onde durmían pola noite. No camiño de Hammersmith, un serán, viron saír do foso un home que lles puxo diante o canón dunha pistola.

—¡Os cartos! —dixo—. Son Gamaliel Ratsey, pola gracia de Deus ladrón de camiños, e non me gusta esperar.

Ó que os dous Jeffes responderon xemendo:

—Non temos un can, Vosa Mercé, senón estes abelorios de cobre e estas pezas de camelote tinxido, e somos pobres actores errantes coma a Vosa Señoría mesma.

—¿Actores? —exclamou Gamaliel Ratsey—. Velaí algo admirable. Non son un pillo nin un moicante, e son amigo dos espectáculos. Se non tivese un certo respecto polo vello Derrick, que ben sabería arrastrarme á escada e facerme arrola-la cabeza, non deixaría a beira do río, e as ledas tabernas de bandeirolas, onde vós, cabaleiros meus, tedes costume de amosar tanto espírito. Sede benvidos. O serán é fermoso. Montade o escenario e interpretádeme o voso mellor espectáculo. Gamaliel Ratsey escoitaravos. Non é normal. Poderedes contalo.

—Imos gastar candeas —dixeron, timidamente, os dous Jeffes.

—¿Candeas? —dixo, nobremente, Gamaliel—. ¿Que me falades de candeas? Eu son aquí o rei Gamaliel, como Elizabeth é raíña na cidade. E tratareivos coma un rei. Velaí corenta xilíns.

Os actores baixaron, tremelicando.

—Como lle preste á Vosa Maxestade —dixo Bird—. ¿Que hai que interpretar?

Gamaliel reflexionou e mirou a Gabriel.

—Vaites —dixo—. Unha fermosa peza para esta señorita, e ben melancólica. Ha estar meiga coma Ofelia. Hai dedaleiras preto de aquí, verdadeiros dedos de morto. Hamlet, velaí o que quero. Gústanme dabondo os humores desa composición. Se non fose Gamaliel, interpretaría de boa gana Hamlet. ¡Veña, e non vos equivoquedes nos toques de esgrima, meus excelentes troianos, meus valentes corintios! Acenderon as lanternas. Gamaliel considerou o drama con atención. Despois da fin díxolle a Gabriel Spenser:

—¡Fermosa Ofelia, dispénsote de cumprimentos. Podedes partir, actores do rei Gamaliel. A súa Maxestade está satisfeita.

Despois desapareceu na sombra.

Cando o carro se puña en marcha, á alba, vírono de novo bloqueando o camiño, coa pistola na man.

—Gamaliel Ratsey, ladrón de camiños —dixo—, vén recolle-los corenta xilíns do rei Gamaliel. Veña, rápido.



Gracias polo espectáculo. Decididamente, os humores de Hamlet prácenme infinitamente. Fermosa Ofelia, ten toda a miña cortesía.

Os dous Jeffes, que gardaban o diñeiro, déronllo á forza. Gamaliel saudou e foise ó galope.

Logo desta aventura, a compañía entrou en Londres. Dicían que un ladrón houbera raptar a Ofelia vestida e con perruca. Unha moza chamada Pat King, que viña a miúdo ó Pano Verde, afirmou que non a sorprendera nada. Tiña a cara graxa e a cintura redonda. Flum invitouna, para que coñecese a Gabriel. Ela atopouno xeitoso e bicouno con agarimo. Despois volveu a miúdo. Pat era a amiga dun obreiro que facía ladrillos, que aborrecía o seu oficio e tiña a ambición de actuar no Pano Verde. Chamábase Ben Jonson, e estaba moi orgulloso da súa educación, era clérigo e sabía algo de latín. Era un home grande e cadrado, cosido de escrófulas, e tiña o ollo dereito máis alto có esquerdo. Tiña a voz forte e rascada. Este coloso fora soldado nos Países Baixos. Seguiu a Pat King, colleu a Gabriel pola pel do pescozo e arrastrouno ós campos de Hoxton, onde o pobre Gabriel tivo que facerlle fronte cunha espada na man. Flum pasáralle discretamente unha folla dez polgadas máis longa. Entrou no brazo de Ben Johnson. A Gabriel atravesoulle o pulmón. Morreu na herba. Flum correu chama-los gardas. Levaron a Ben Johnson xurando a Newgate. Flum esperaba que o colgasen. Pero recitou os seus salmos en latín, fixo ver que era clérigo e só lle marcaron a man cun ferro ó roxo.

## POCAHONTAS

### Princesa

Pocahontas era a filla do rei Powhatan, que sentaba nun trono feito á maneira dun leito, e cuberto cun gran saio cosido de peles de rato coas colas pendurando. Educárona nunha tenda de esteiras, entre sacerdotes e mulleres que tiñan a cabeza e os ombreiros pintados de vermello vivo e que a divertían con axóuxeres de cobre e ruxerruxes de serpente. Namontak, un servidor fiel, miraba pola princesa e organizaba os seus xogos. Ás veces levábana á fraga ó lado do gran río Rappahanok, e trinta virxes espidas bailaban para entretela. Estaban pintadas de distintas cores e cinxían follas verdes, levaban na testa cornos de cabrón e unha pel de lontra na cintura, e axitando unhas mazas, saltaban arredor do lume que crepitaba. Cando acababan a danza espallaban as chamas e guiaban a princesa á luz dos tizóns.

No ano de 1607 os europeos perturbaron o país de Pocahontas. Cabaleiros arruinados, estafadores e buscadores de ouro arribaron á beira do Potomac, e construíron chabolas de táboas. Déronlles ás chabolas o nome de Jamestown, e chamáronlle á colonia Virxinia. Virxinia só foi, durante eses anos, un pequeno forte miserento construído na baía de Chesapeake, no medio dos dominios do gran rei Powhatan. Os colonos elixiron presidente o capitán John Smith, que xa correra aventuras en tempos pasados deica a terra dos turcos. Vagabundeaban polas rochas e vivían dos moluscos do mar e do pouco trigo que podían obter por tráfico cos indíxenas.

Recibíronos primeiro con gran cerimonia. Un sacerdote salvaxe veu tocar diante deles unha fruta de carrizos, cunha coroa de pelo de gamo tinxida de vermello e aberta coma unha rosa arredor dos seus cabelos atados. Levaba o corpo pintado de carmesí, a cara de azul; e tiña a pel sementada de pintas de prata nativa. Deste xeito, coa cara impasible, sentou nunha esteira e fumou unha pipa de tabaco. Despois, outros formaron en columna cadrada, pintados de negro, e de vermello, e de branco, e algúns de varias cores, cantando e bailando diante do seu ídolo Oki, feito de peles de serpente recheas de musgo e adornadas con cadeas de cobre.

Pero poucos días despois asaltaron de súpeto e ataron ó capitán Smith cando exploraba a beira nunha canoa. Levárono entre terribles ouveos a unha casa longa onde o gardaron corenta salvaxes. Os sacerdotes, cos ollos pintados de vermello e as caras negras atravesadas por grandes barras brancas, rodearon con dous regueiros circulares de fariña e de grans de trigo o lume da casa de garda. Acto seguido conduciron a John Smith á tenda do rei. Powhatan levaba o seu saio de pel e os que estaban arredor del tiñan o cabelo decorado con penuxe. Unha muller levoulle ó capitán auga para lavarlle as mans e outra secoullas cunha mata de plumas. Namentres, dous xigantes vermellos depositaron dúas pedras chas ós pes de Powhatan. E o rei ergueu a man, significando que ían deitar a John Smith sobre esas pedras e escacharlle a testa a mazazos.

Pocahontas só tiña doce anos e adiantaba a cabeza por entre os conselleiros enzoufados. Xemeu, botouse sobre o capitán e puxo a cabeza sobre a súa fazula. John Smith tiña vintenove anos. Tiña uns bigotazos dereitos, a barba en abanico, e a faciana aquilina. Dixéronlle que o nome da rapaciña do rei que lle salvaba a

vida era Pocahontas. Pero ese non era o seu nome verdadeiro. O rei Powhatan fixo a paz con John Smith e deixouno ceibo.

Un ano mais tarde o capitán Smith estaba acampado coa súa tropa na selva fluvial. A noite era mesta. Unha chuvía penetrante abatía calquera ruído. De súpeto, Pocahontas tocoulle o ombro ó capitán. Atravesara, soa, as terribles tebras dos bosques. Díxolle polo baixo que o seu pai quería atacar ós ingleses e matalos mentres estaban ceando. Suplicoulle que fuxise se lle interesaba seguir vivindo. O capitán Smith ofreceulle vidros e teas, pero ela chorou e respondeulle que non se atrevía. E escapou, soa, cara ó bosque.

O ano seguinte o capitán Smith caeu en desgracia cos colonos e, en 1609 embarcárono para Inglaterra. Alí compuxo libros sobre Virxinia nos que explicaba a situación dos colonos e as súas aventuras. Cara a 1612 un tal capitán Argall, que fora comerciar cos Potomacs (que eran o pobo de rei Powhatan), secuestrou por sorpresa a princesa Pocahontas e pechouna nun barco coma refén. O rei, seu pai, indignouse; pero non lla devolveron. Deste xeito languideceu prisioneira ata o día en que un cabaleiro de boas maneiras se namorou dela e desposouna. Casaron en abril de 1613. Din que Pocahontas lle confesou o seu amor a un seu irmán que a veu ver. Chegou a Inglaterra no mes de xuño de 1616, onde houbo, entre as persoas de calidade, unha gran curiosidade por coñecela. A boa raíña Anne acolleuna docemente e ordenou que gravasen o seu retrato.

O capitán John Smith, que ía volver para Virxinia, veulle presenta-los seus respectos antes de embarcar. Non a vira desde 1608. Ela tiña vintedous anos. Cando entrou, apartou a cara e escondeuna entre as mans, e non lles respondeu nin ó marido nin ós amigos e quedou soa durante dúas ou tres horas. Despois chamou polo capitán. Entón ergueu os ollos e díxolle:

—Vostede prometéralle a Powhatan que o que fose de vostede sería del, e el fixo o mesmo; cando vostede era estranxeiro na súa patria, chamáballe pai; agora que son estranxeira na vosa, chamareille a vostede así.

O capitán Smith escusouse pola etiqueta, porque era filla de rei.

Ela respondeu:

—Vostede non tivo medo de vir ó país do meu pai, e asustouno, a el e a roda a súa xente, menos a min: ¿temerá vostede logo que aquí lle chame meu pai?. Eu chamareille meu pai e vostede chamame miña nena, e serei para sempre da mesma patria que vostede... Aló dixéranme que morrera...

E confioulle baixiño a Smith que o seu nome era Matoaka. Os indios, temendo que a colleran cun maleficio, déronlles ós estranxeiros o falso nome de Pocahontas.

John Smith partiu para Virxinia e non volveu ver xamais a Matoaka. Ela caeu enferma en Gravesand ó principio do ano seguinte, esvaecéuselle a cor e morreu. Non tiña vintetrés anos.

O seu retrato está rodeado por este exergo: Matoaka alias Rebecca filia potentissimi principis Powhatani imperatoris Virginiae. A pobre Matoaka tiña un chapeo de feltro alto, con dúas grilandas de perlas; unha gran gola de encaixe amidonado e sostíña un abanico de plumas. Tiña o rostro enfraquecido, os pómulos longos e grandes ollos doces.

## CYRIL TOURNEUR

### Poeta trágico

Cyril Tourneur naceu da unión dun deus descoñecido cunha prostituta. Atopámo-la proba da súa orixe divina no ateísmo heroico baixo o que sucumbiu. A nai transmitiulle o instinto da revolución e da luxuria, o medo á morte, o tremor da voluptuosidade e o odio dos reis; tivo do pai o amor a coroarse, o orgullo de reinar, e a ledicia de crear; os dous déronlle o sentido da noite, da luz vermella e do sangue.

Ignórase a data do seu nacemento; pero apareceu nun día negro, baixo un ano pestilente.

Ningunha protección celeste velou sobre a filla namorada que quedou preñada dun deus, pois tivo o corpo manchado pola peste algúns días antes de dar a luz, e marcaron a porta da súa casa cunha cruz vermella. Cyril Tourneur veu ó mundo ó son da campá do enterrador dos mortos; e como seu pai desaparecera no ceo común dos deuses, un carriño verde arrastrou a súa nai á fosa común dos homes. Contan que as tebras

eran tan fondas que o enterrador tivo que alumea-la apertura da casa pechada cun fachón de resina; outro cronista asegura que a néboa sobre o Támesis (no que a casa mollaba os pés) raíouse de escarlata, e que da cara da campá da chamada escapou a voz dos cincéfalos; en fin, parece fóra de dúbida que se manifestou unha estrela flamexante e furiosa por riba do triángulo do teito, feita de raios feluxentos, tortos, mal anoados, e que o neno acabado de acer amosoulle o puño por unha bufarda, mentres ela sacudía sobre el os rizos informes de lume. Deste xeito entrou CiryI Tourneur “en la vasta concavida de la noche cimeria”.

É imposible descubri-lo que pensou ou o que fixo ata a idade de trinta anos, cáles foron os síntomas da súa divindade latente, cómo se persuadiu da súa propia realeza. Unha nota escura e aterrada contén a lista das súas blasfemias. Declaraba que Moisés non fora máis que un malabarista e que un que lle chamaban Heriots era máis hábil ca el. Que o primeiro principio da relixión non era outro senón mante-los homes no terror. Que Cristo merecía máis a morte que Barrabás, aínda que Barrabás fora ladrón e asasino. Que se el se decidise a escribir unha nova relixión, había establecela sobre un método máis excelente e admirable, e que o Novo Testamento era dun estilo repugnante. Que tiña tanto dereito a acuñar moeda coma a raíña de Inglaterra, e que coñecía a un tal Poole, preso en Newgate, ben experto na mestura de metais, coa axuda do que pretendía un día acuñar ouro coa súa imaxe. Unha alma piadosa tachou do pergamiño outras afirmacións máis terribles.

Pero estas palabras foron recollidas por unha persoa vulgar. Os xestos de CiryI Tourneur indican un ateísmo máis vindicativo. Represéntano vestido cun longo manto negro, levando na testa unha gloriosa coroa de doce estrelas, co pé sobre o globo celeste, erguendo o globo terrestre na súa man dereita. Percorria as rúas nas noites de peste e de treboada. Era pálido coma os cirios consagrados e os seus ollos escintilaban brandamente coma os queimadores de incenso. Algúns afirman que tiña sobre o flanco dereito a marca dun selo extraordinario; pero foi imposible verificalo trala súa morte, porque ninguén viu os seus desposos.

Fixo a súa amante dunha prostituta do Bankside, que frecuentaba as rúas da beira da auga, e amouna unicamente. Ela era moi nova e a súa cara era inocente e loura. As roibéns aparecían nela coma chamaz vacilantes. CiryI Tourneur deulle o nome de Rosamonde, e tivo dela unha filla que amou. Rosamonde morreu traxicamente, un príncipe fixárase nela. Sábese que bebeu nunha copa transparente un veneno cor esmeralda.

Foi entonces cando a vinganza na alma de CiryI se mesturou co orgullo. NoCyril Tourneururno, percorreu o Mail, todo ó longo do cortexo real, sacudindo na súa man un fachón de crina inflamada, para alumea-lo príncipe envelenador. O odio a toda autoridade subiulle á boca e ás mans. Fíxose axexador de camiños, non para roubar senón para asasinar reis. Os príncipes que desapareceron neses tempos foron iluminados polo fachón de CiryI Tourneur e asasinados por el.

Emboscábase polos camiños da raíña, preto dos pozos de grava e dos fornos de cal. Elixía a súa víCyril Tourneurima na tropa, ofrecíaselle a darlle luz nas frondes, levábaa deica a boca do pozo, apagaba a facho e precipitábaa. A grava chovía trala caída. Despois CiryI, inclinado sobre a beira, facía caer dúas enormes pedras para esmaga-los berros. E o resto da noite, velaba o cadáver que se consumía no cal, preto do pozo vermello escuro.

Cando CiryI Tourneur saciou o seu odio polos deuses, o odio dos deuses estreitouno. O aguillón divino que tiña nel excitouno a crear. Soñou que podía crear unha xeración no seu propio sangue, e propagarse coma un deus na terra. Mirou a súa filla e atopouna virxe e desexable. Para levar a cabo o seu designio fronte ó ceo non atopou outro lugar máis significativo que un cemiterio. Xurou desafía-la morte e crear unha nova humanidade no medio da destrucción fixada polas ordes divinas. Rodeado de vellos osos, quixo xear novos osos. CiryI Tourneur posuíu a súa filla no cuberto dun osario.

A fin da súa vida pérdese nunha radiación escura. Non se sabe qué man transmitiu a Traxedia do ateo e a Traxedia do Vingador. Unha tradición pretende que o orgullo de CiryI Tourneur ergueuse aínda máis. Fixo alzar un trono no seu xardín negro, e tiña o hábito de sentar nel, coroado de ouro, baixo o lóstrego. Moitos vírono e escaparon, aterrados polas longas plumas azulentas que volteaban ó redor da súa cabeza. Lía un manuscrito dos poemas de Empédocles, que ninguén volveu ver. Expresou a miúdo a súa admiración pola morte de Empédocles. E o ano no que desapareceu foi de novo pestilente. O pobo de Londres retirárase ás barcas amarradas á beira do Támesis. Un meteoro aterrador evolucionou sobre a lúa. Era un globo de lume branco, animado por unha sinistra rotación. Dirixiuse cara á casa de Cyril Tourneur, que parecía pintada de reflexos metálicos. O home vestido de negro e coroado de ouro esperaba sobre o seu trono a chegada do meteoro. Houbo, como antes das batallas teatrais, unha alarma escura de trompetas. A Cyril Tourneur envolveuno un resplandor feito de sangue rosa volatilizado. Unhas trompetas, alzadas na noite, soaron, coma no teatro, unha fanfarra fúnebre. Así foi precipitado Cyril Tourneur cara a un deus descoñecido no taciturno remuíño do ceo.

## WILLIAM PHIPS

### Pescador de tesouros

William Phips naceu en 1651 preto da embocadura do río Kennebec, entre os bosques fluviais onde os constructores de naves viñan corta-la madeira. Nun pobre poboado do Maine soñou pola primeira vez unha fortuna venturosa, cando miraba cómo facían as pranchas mariñas. O incerto resplandor do océano que bate Nova Inglaterra levoulle o escintileo do ouro afundido e da prata afogada baixo as areas. Creu na riqueza do mar e desexou obtela. Aprendeu a construír barcos, gañou unha pequena comodidade e veuse para Boston. A súa fe era tan forte que repetía: “Un día mandarei un barco do rei e terei unha fermosa casa de ladrillos en Boston, na Avenida Verde.”

Naquel tempo xacían no fondo do Atlántico moitos galeóns españois cargados de ouro. Ese rumor enchía a alma de William Phips. Soubo que un gran barco afundira preto do Puerto de la Plata; reuniu canto posuía e partiu para Londres, co obxecto de equipar unha nave. Asediou ó Almirantado con peticións e plácets. Déronlle o Rosa de Alxer, que levaba dezaioito canóns e, en 1687, izou velas cara ó descoñecido. Tiña trinta e seis anos.

Noventa e cinco homes partían a bordo do Rosa de Alxer, entre os que había un conrastre, Adderley, de Providence. Cando souberon que Phips se dirixía cara a Hispaniola, non aturaron coa ledicia. Pois Hispaniola era a illa dos piratas e o Rosa de Alxer parecíalles unha boa nave. E primeiro, nunha terra areosa do arquipélago, reuníronse en consello para facerse cabaleiros de fortuna. Phips, na proa do Rosa de Alxer espiaba o mar. Había unha avaría na carena. Mentres o carpinteiro a amañaba escoitou o complot. Correu á cabina do capitán. Phips ordenoulle carga-los canóns, apuntounos sobre a tripulación amotinada en terra, deixou tódolos homes pillados nesa guarida deserta, e partiu con algúns mariñeiros devotos. O conrastre de Providence, Adderley, gañou o Rosa de Alxer a nado.

Arribaron a Hispaniola co mar calmo, baixo un sol abrasador. Phips informouse en tódalas praias sobre o navío que afundira máis de medio século antes fronte ó Puerto de la Plata. Un vello español acordábo e indicoulle o arrecife. Era un escollo alongado, redondeado, as pendentes do cal desaparecían na auga clara deica o tremor máis profundo. Adderley, inclinado sobre a borda, ría mirando os pequenos movementos das ondas. O Rosa de Alxer rodeou a modo o arrecife, e tódolos homes examinaban en van o mar transparente. Phips daba patadas sobre o castelo, entre as dragas e os garfos. Unha vez máis o Rosa de Alxer rodeou o arrecife, e en tódolos sitios o solo parecía semellante, cos seus sucos concéntricos de area húmida e os feixes de algas inclinadas que tremían baixo as correntes. Cando o Rosa de Alxer comezou a súa terceira volta o sol afundiuse e o mar fíxose negro.

Despois foi fosforescente. “¡Velaí os tesouros!”, berraba Adderley na noite, co dedo tendido cara ó ouro fumeante das ondas. Pero a aurora cálida ergueuse sobre o océano tranquilo e claro mentres o Rosa de Alxer seguía a percorre-la mesma órbita. E durante oito días navegou así. Os ollos dos homes estaban turbios de tanto escruta-la limpeza do mar. Phips xa non tiña máis provisións. Cumpría partir. Deuse a orde, e o Rosa de Alxer púxose a virar. Entón Adderley notou nun flanco do arrecife unha fermosa alga branca que vacilaba e tivo gana dela. Un indio botouse ó mar e arrancouna. Levouna, pendurando dereita. Era moi pesada e as súas raíces ensarilladas parecían apertar un croio. Adderley sopesouna e bateu as raíces contra a ponte para liberala do seu peso. Algo escintilante rodou baixo o sol. Phips botou un berro. Era un lingote de prata que ben valía 300 libras. Adderley abaneaba estupidamente a alga branca. Tódolos indios botáronse ó mar de contado. Nunhas horas a tilla estaba cuberta de sacos duros, petrificados, con incrustacións calcarias e cubertos de conchiñas. Abríronlle-lo bandullo con cortafríos e martelos e polos buratos escorregaron lingotes de ouro e de prata e pezas de a oito. “¡Loado sexa Deus!”, Berrou Phips, “¡Fixemos fortuna!” O tesouro valía trescentas mil libras esterlinas. Adderley repetía: “¡E todo isto saíu da raíz dunha alquiña branca!” Morreu tolo, nas Bermudas, algúns días despois, balbucindo palabras.

Phips escoltou o seu tesouro. O rei de Inglaterra fíxoo sir William Phips e nomeouno High Sheriff en Boston. Alí mantivo a súa quimera e mandou construír unha fermosa casa de ladrillos vermellos na Avenida Verde. Fíxose un home considerable. Foi el o que dirixiu a campaña contra as posesións francesas e tomoulle-la Acadia ó Sr. de Beneval e ó cabaleiro de Villebon. O rei nomeouno gobernador de Massachusetts, capitán xeral do Maine e da Nova Escocia. As súas arcas estaban cheas de ouro. Empreendeu o ataque a Quebec, despois de recadar todo o diñeiro dispoñible en Boston. A empresa fracasou e a colonia arruinouse. Entón Phips emitiu papel moeda. Para aumenta-lo seu valor cambiou polo papel todo o seu ouro líquido. Pero a fortuna virara. O curso do papel baixou. Phips perdeu todo, quedou pobre, endebedado, e os seus inimigos axexábanos. A súa prosperidade só durara oito anos. Marchou a Londres, miserable, e cando desembarcou

prendérono por 20.000 libras a causa da denuncia de Dudley e Brenton. Os sarxentos transportárono á prisión de Fleet.

Pecharon a Sir William Phips nunha cativa cela núa. Só gardara o lingote de prata que lle dera a súa gloria, o lingote da alga branca. Estaba abraiado pola febre e a desesperación. A morte foille á gorxa. Loitou. Mesmo entón asediábo o seu soño de tesouros. O galeón do gobernador español Bobadilla, cargado de ouro e de prata, afundira preto das Bahamas. Phips mandou busca-lo alcaide. A febre e maila esperanza furiosa descarnárono. Presentoulle ó xefe o lingote de prata na man seca e barballou rosmando:

—Deixen que me bote ó mar, velaquí un dos lingotes de Bobadilla.

Despois expirou. O lingote da alga branca pagou o seu cadaleito.

## O CAPITÁN KID

### Pirata

Non se chega a un acordo sobre a razón que fixo que lle desen a este pirata o nome do cabrito (Kid). O acto polo que Guillermo III, rei de Inglaterra, o investiu coa comisión da galera Aventura, en 1695, empeza coas verbas: “Ó noso fiel e ben amado capitán William Kid, comandante, etc. Salve.” Mais é seguro que dende entón foi un nome de guerra. Uns din que tiña hábito, sendo elegante e refinado, de levar sempre, á loita e nas manobras, delicadas luvas de cabrito có interior de encaixe de Flandres; outros aseguran que nas súas peores matanzas, exclamaba: “Eu, que son doce e bo coma un cabritiño acabado de nacer”; outros máis pretenden que pechaba o ouro e as xoias en bolsas moi flexibles, feitas de pel de cabrita, e que o costume lle viña do día no que pillou un navío cargado de azougue co que encheu mil bolsas de coiro, que aínda están enterradas a carón dun outeiroño nas illas Barbados. Basta saber que o seu pavillón de seda negra tiña bordada unha caveira e un cranio de cabrito, e que o seu selo tiña o mesmo gravado. Os que buscan os numerosos tesouros que agochou nas costas dos continentes de Asia e de América levan diante un cabritiño negro, que ten que xemer no sitio no que o capitán afundiou o seu botín; pero ninguén o conseguiu. O mesmo Barbanegra, ó que informara un vello mariñeiro de Kid, Gabriel Loff, só atopou nas dunas, sobre as que hoxe está construído Fort Providence, unhas pingotas dispersas de azougue exsudando a través das areas. E todas esas escavacións son inútiles, pois o capitán Kid declarou que os seus agochos serían descoñecidos eternamente por causa do “home coa sella sanguenta”. En efecto, a Kid asediouno ese home durante toda a súa vida, e os tesouros de Kid asédaos e deféndeos el despois da súa morte.

Lord Bellamont, gobernador das Barbados, incomodado polo enorme botín dos piratas nas Indias Occidentais, equipou a galera Aventura, e obtivo do rei a comisión de comandante para o capitán Kid. Kid levaba moito tempo celoso do famoso Ireland, que pillaba tódolos convois; prometeulle a Lord Bellamont que apresaría a súa chalupa e a traería xunto cos seus compañeiros para facelos executar. A Aventura levaba trinta canóns e cento cincuenta homes. Primeiro Kid tocou Madeira e forneceuse de viño; despois Boavista, para embarcar sal; e finalmente Santiago, onde se aprovisionou completamente. E dende alí izou velas cara á entrada do Mar Vermello, onde, no Golfo Pérsico, hai un lugar dunha insuíña que se chama a Chave de Bab.

Alí foi onde o capitán Kid reuniu os seus compañeiros e lles fixo iza-lo pavillón negro coa cabeza de morto. Todos xuraron, sobre a machada, obediencia absoluta ás regras dos piratas. Cada home tiña dereito ó voto, e igual título para as provisións frescas e os licores fortes. Os xogos de cartas e de dados estaban prohibidos. As luces e as candeas tiñan que estar apagadas ás oito do serán. Se un home quería beber máis tarde, bebía na ponte, na noite, a ceo aberto. A compañía non recibiría nin muller nin mociño. Quen os introducise disfrazados recibiría pena de morte. Os canóns, as pistolas e mailos machetes tiñan que ser coidados e abrillantados. As discusións libraríanse en terra, a sabre e a pistola. O capitán e o cabo terían dereito a dúas partes, o contramestre, o bosseman e o canoneiro, a unha e media, os outros oficiais a unha e cuarto. Descanso para os músicos o día do Sabbat.

A primeira nave que atoparon era holandesa, mandada polo Schlipper Mitchel. Kid alzou o pavillón francés e deulle caza. A nave logo mostrou as cores francesas, co que o pirata berrou en francés. O Schipper tiña un francés a bordo, que respondeu. Kid preguntoulle se levaba un pasaporte. O francés dixo que si: “Pois ben, por Deus”, respondeu Kid, “en virtude deste pasaporte eu tómovos polo capitán desta nave.” E de contado, fixo penduralo da verga. Despois fixo vir ós holandeses un a un.

Interrogounos, e, finxindo non coñecer en absoluto o flamengo, ordenou para cada prisioneiro: “¡francés, á

prancha!" Amarraron unha prancha ó botaló. Tódolos holandeses correron por ela, espidos, diante da punta do machete do bosseman, e saltaron ó mar.

Nese intre o canoneiro do capitán Kid, Moor, alzou a voz: "Capitán", berrou, "¿por que mata eses homes? Moor estaba borracho. O capitán virouse e, collendo unha sella soltoulla na testa. Moor caeu co cranio fendido. O capitán Kid fixo lava-la sella, á que se pegaran os cabelos con sangue callado. Ningún home da tripulación volveu mollar nela a labaza. Deixaron a sella amarrada á borda.

Dende ese día, o home da sella asediou ó capitán Kid. Cando colleu o barco moro Queda, tripulado por hindús e armenios, con dez mil libras de ouro, no reparto do botín o home coa cubeta sanguenta estaba sentado sobre os ducados, Kid viuno ben e botou un xuramento. Baixou á súa cabina e baleirou unha cunca de bambú. Despois, de volta na ponte, fixo bota-la vella sella ó mar. Na abordaxe do rico mercante o Mocco, non atoparon con qué medi-las partes de po de ouro do capitán. "Enche unha sella", dixo unha voz ás costas de Kid. El cortou o aire co machete e enxugou os beizos, que botaban espuma. Despois fixo colga-los armenios. Os homes da tripulación semellaban non ter escoitado nada. Cando Kid atacou a Hirondelle deitouse na súa liteira tralo reparto. Cando acordou sentiuse enchoupado en suor, e chamou a un mariñeiro para que lle trouxese con qué lavarse. O home tróuxolle auga nunha cubeta de estaño. Kid fitouno e berrou: "¿Esa é forma de comportarse cun cabaleiro de fortuna? ¡Miserable! ¡Tráesme unha cubeta chea de sangue!" O mariñeiro escapou. Kid fixo que o desembarcasen e abandonouno, cun fusil, unha botella de pólvora e unha botella de auga. Non tivo outra razón para enterra-lo seu botín en diferentes lugares solitarios, entre as areas, que a persuasión na que estaba de que tódalas noites o canoneiro asasinado viña baleira-la bolsa do ouro coa súa sella para bota-las riquezas ó mar.

A Kid prendérono, mar a fóra, fronte a New York. Lord Bellamont enviouno a Londres. Condenárono ó patíbulo. Colgárono no peirao de Execución, coa súa chaqueta vermella e as súas luvas. No intre no que o verdugo lle puña sobre os ollos o gorro negro, o capitán Kid debateuse e berrou: "¡Deus! Xa sabía que me ía mete-la sella na cabeza!" O cadáver negrexado quedou amarrado nas cadeas durante máis de vinte anos.

## WALTER KENNEDY

### Pirata analfabeto

O capitán Kennedy era irlandés e non sabía nin ler nin escribir. Chegou ó grao de lugartenente, baixo o gran Roberts, polo talento que tiña na tortura. Posuía perfectamente a arte de torcer unha mecha arredor da fronte dun prisioneiro ata facerlle saí-los ollos, ou de acariciarlle a cara con follas de palmeira ardendo. A súa reputación consagrouse no xuízo que se lle fixo, a bordo do Corsario, a Darby Mullin, sospeitoso de traizón. Os xuíces sentaron contra o habitáculo do temoeiro, diante dun gran bol de ponche, con pipas e tabaco; entón empezou o proceso. Ían vota-la sentenza cando un dos xuíces propuxo fumar outra pipa máis antes da deliberación. Entón Kennedy ergueuse, sacou a pipa da boca, esgarrou, e falou nestes termos:

—¡Raio de Deus! Señores e cabaleiros de fortuna, que o demo me leve se non penduramos a Darby Mullin, o meu vello camarada. Darby é un bo rapaz, ¡raio de Deus! Mamalón o que diga o contrario, e somos cabaleiros, ¡demo! Botámo-los fígados xuntos, ¡raio de Deus! E queroo con todo o meu corazón, ¡carallo! Señores e cabaleiros de fortuna, coñézoo ben; é un dos auténticos; se vive non se arrepentirá xamais; léveme o demo se el se arrepite, ¿non é, amigo Darby? Pendurémolo, ¡raio de Deus! E, co permiso da honorable compañía, vou beber un bo grolo á súa saúde."

Este discurso pareceu admirable e digno das máis nobres oratorias militares que contan os vellos. Roberts quedou abraiado. Dende ese día, Kennedy colleu ambición. Ó ancho das Barbados, cando Roberts apartara nunha chalana perseguindo unha nave portuguesa, Kennedy forzou ós seus compañeiros a elixilo capitán do Corsario. E fixo velas pola súa conta. Afundiron e pillaron numerosos bergantíns e galeras, cargados de azucre e de tabaco de Brasil, sen conta-lo po de ouro e os sacos cheos de dobróns e de pezas de a oito. A súa bandeira era de seda negra, cunha cabeza de morto, un reloxo de area, dous ósos cruzados, e debaixo un corazón acabado nun dardo, do que caían tres pingas de sangue. Deste xeito atoparon unha chalupa ben tranquila de Virxinia, o capitán da cal era un cuáquero piadoso, chamado Knot. Este home de Deus non tiña a bordo nin ron nin pistola, nin sabre nin machete; estaba vestido cun longo hábito negro, e levaba un chapeo de ala ancha de cor semellante.

—¡Raio de Deus! —dixo o capitán Kennedy—, é un vividor, e ledó; velaí o que me gusta; non se lle fará mal ó

meu amigo, o señor capitán Knot, que está vestido de xeito tan alegre.

O Sr. Knot inclinouse, facendo espaventos silenciosos.

—Amén —dixo o Sr. Knot. Así sexa.

Os piratas fixéronlle regalos ó Sr. Knot. Regaláronlle trinta mohures, dez rolos de tabaco do Brasil, e bolsiñas de esmeraldas. O Sr. Knot colleu de boa gana os mohures, as pedras preciosas e o tabaco.

—Son presentes que se poden aceptar para facer deles un uso piadoso. ¡Ah! ¡Se o ceo quixese que os nosos amigos que atravesan o mar, estivesen todos animados de semellantes sentimentos! O Señor acepta tódalas restitucións. Son, por así dicir, os membros do cuxo, e as partes do ídolo Dagón, o que vós lle ofrecedes, amigos meus, en sacrificio. Dagón aínda reina neses países profanos, e o seu ouro dá malas tentacións.

—¡Diaño de Dagón! —dixo Kennedy—. ¡Cala a boca, raio de Deus! Colle o que che dan, e bota un grollo. Entón o Sr. Knot inclinouse pacificamente: pero rexeitou o seu cuarto de ron.

—Señores amigos meus —dixo...

—Cabaleiros de fortuna, ¡Raio de Deus! —berrou Kennedy.

—Señores amigos cabaleiros —empezou de novo o Sr. Knot—, os licores fortes son, por así dicir, aguillóns de tentación que a nosa carne feble non podería soportar. Vós, amigos meus...

—¡Cabaleiros de fortuna, raio de Deus! —berrou Kennedy.

—Vós, meus amigos e cabaleiros afortunados —empezou de novo o Sr. Knot—, que estades endurecidos por longas probas contra o Tentador, é posible, probable, diría eu, que non sufrades ningún inconveniente; pero ós vosos amigos indisporíaos, indisporíaos gravemente...

—¡Indisporíaos o demo! —dixo Kennedy—. Este home fala admirablemente, pero eu bebo mellor. Levaranos a Carolina a ver ós seus excelentes amigos que posúen sen dúbida outros membros do cuxo do que fala. ¿Non é, señor capitán Dagón?

—Así sexa —dixo o cuáquero—, pero chámome Knot.

E inclinouse outra vez. As grandes ás do seu chapeo tremelaban co vento.

O Corsario botou áncoras nunha cala favorita do home de Deus. Prometeu traerlles os seus amigos e volveu, en efecto, o mesmo serán, cunha compañía de soldados enviados polo Sr. Spotswood, gobernador da Carolina. O home de Deus xuroulles ós seus amigos, os afortunados cabaleiros, que só era para impedirles introducir neses países profanos os seus licores tentadores. E cando apresaron ós piratas:

—¡Ah! Amigos meus —dixo o Sr. Knot—, aceptade tódalas mortificacións, como eu o fixen.

—¡Raio de Deus, mortificación é a palabra! —xurou Kennedy.

Puxéronlle cadeas a bordo dun transporte para xulgalo en Londres. Old Bailey recibíuno. Fixo cruces sobre tódolos interrogatorios, e puxo neles a mesma marca que sobre os recibos de presa. O seu último discurso pronunciouno no peirao da Execución, onde a brisa do mar abalaba os cadáveres de vellos cabaleiros de fortuna, colgados coas súas cadeas.

—¡Raio de Deus! É todo un honor —dixo Kennedy, mirando ós pendurados—. Vanme colgar a carón do capitán Kid. Xa non ten ollos, pero ben ten que ser el. Non había coma el para levar unha chaqueta tan boa de pano carmesí. Kid sempre foi un home elegante. ¡E sabía escribir! ¡Coñecía as súas letras, carallo! ¡Unha man tan fermosa! Escuse capitán —saudou ó corpo seco de chaqueta carmesí—. Pero foise tamén, cabaleiro de fortuna.

## Pirata por humor

O maior Stede Bonnet era un cabaleiro retirado do exército que vivía das súas plantacións, na illa de Barbados, cara a 1715. Os seus campos de canas de azucre e de cafeais dábanlle rendas, e gorentáballe fuma-lo tabaco que el mesmo cultivaba. Estivera casado, nunca tivo ledicia na convivencia, e dicían que a muller o fixera tolear. En efecto, a súa teima só o colleu despois da corentena, e ó principio os seus veciños e os seus serventes cederon a ela inocentemente.

A teima do maior Stede Bonnet foi tal que así. Empezou a desprezar en todo momento a táctica terrestre e a gaba-la mariña. Os únicos nomes que tiña nos beizos eran os de Avery, de Charles Vane, de Benjamin Hornigold e de Edward Teach. Eran, segundo el, destemidos navegantes e homes emprendedores. Naquel tempo pirateaban o mar das Antillas. Se ocorría que lles chamasen piratas diante do maior, este exclamaba:

—Loado sexa Deus entón por ter permitido a eses piratas, como lles chaman vostedes, dar exemplo da vida franca e común que levaban os nosos avós. Daquela non había posuidores de riquezas, nin gardiáns de mulleres, nin escravos para procura-lo azucre, o algodón ou o índigo; pero un deus xeneroso dispensaba tódalas cousas e cada un recibía a súa parte. Velaí por qué eu admiro extremadamente os homes libres que comparten os bens entre eles e levan xuntos a vida de compañeiros de fortuna. Percorrendo as súas plantacións, o maior petaba a miúdo nas costas dun traballador:

—¿E non che sería mellor, imbécil, estibar nalgunha lancha ou nalgún bergantín os feixes da miserable planta sobre os brotes da que deixas pingar aquí a túa suor?

Case tódolos seráns o maior reunía os seus servidores baixo os cabanos de gran, onde lles lía, á luz da candeia, mentres moscas de cores revoaban arredor, os grandes feitos dos piratas da Hispaniola e da illa da Tartaruga. Pois follas voantes advertían das súas rapinas ás vilas e ás granxas.

—¡Excelente Vane! —berraba o Maior—. ¡Bravo Hornigold, verdadeiro corno da abundancia cheo de ouro! ¡Sublime Avery, cargado coas xoias do gran Mogol e do rei de Madagascar! ¡Admirable Teach, que soubeches gobernar sucesivamente catorce mulleres e desfacerte delas, e que tivéche-lo maxin de entregar tódalas noites a derradeira (só ten dezaseis anos) ós teus mellores compañeiros (por pura xenerosidade, grandeza de alma e coñecemento do mundo) na túa boa illa de Okerecok! ¡Oh, que ledo sería o que seguise as vosas pegadas, e que bebese o seu ron contigo, Barbanegra, señor do Desquite da raíz Ana!

Os criados do Maior escoitaban todos estes discursos con sorpresa e en silencio; e só interrompía as palabras do Maior o áxil ruído apagado das lagartas, a medida que caían do teito, pois o espanto facíalles solta-las ventosas das súas patas. Despois, o Maior, abeirando a vela coa man, trazaba coa cana por entre as follas de tabaco tódalas manobras navais deses grandes capitáns e ameazaba coa lei de Moisés (así lle chaman os piratas a unha bastonada de corenta golpes) a calquera que non comprendese a fineza das evolucións tácticas propias dos filibusteiros.

Finalmente, o Maior Stede Bonnet xa non o puido aturar máis, e tras mercar unha vella chalupa de dez pezas de canón, equipouna con todo o que conviña á piratería, como machetes, arcabuces, escaleiras, pranchas, rizóns, machadas, Biblias (para prestar xuramento), pipos de ron, lanternas, feluxe para negrexala cara, pez, mechas para queimar entre os dedos dos mercadores ricos e ben de bandeiras negras coa caveira branca, con dous fémures cruzados e o nome do barco: O Desquite. Despois, mandou de golpe subir a bordo a setenta criados e fíxose ó mar pola noite, dereito ó Oeste, rasando San Vicente, para dobra-lo lucatán e piratear tódalas costas ata Savannah (onde nunca chegou).

O Maior Stede Bonnet non coñecía nada das cousas do mar. Empezou pois a perde-la cabeza entre o compás e o astrolabio, trabucando a mesana coa tisana, trinquete con roquete, botaló con bota aló, luces de carón con luces de canón, zapón con zoupón, mandando encolle-las velas en vez de recolle-las velas, en suma, tan axitado polo tumulto das verbas descoñecidas e o movemento inusitado do mar que pensaría en volver a terra de Barbados se o glorioso desexo de ergue-la bandeira negra á vista do primeiro barco non o mantivese no seu designio. Non embarcara ningunha provisión, contando coa súa pillaxe. Pero a primeira noite non viron nin as luces da máis mínima lancha. O Maior Stede Bonnet decidiu entonces que había que atacar un poboado.

Tras ordenar tódolos seus homes na ponte, repartiu entre eles machetes novos e exhortounos á máis grande ferocidade; despois mandou traer un caldeiro de feluxe coa que ennegreceu el mesmo a cara, ordenándolles que o imitasen, o que fixeron non sen ledicia.



Finalmente, xulgando polas súas lembranzas que conviña estimular a tripulación cunha bebida habitual dos piratas, fíxolles tragar a cada un unha pinta de ron mesturado con pólvora (xa que non tiñan viño, que é o ingrediente ordinario en piratería). Os serventes do Maior obedeceron; pero, contrariamente ós usos, a súa cara non se inflamou de furor. Avanzaron con bastante uniformidade a babor e a estribor, e inclinando as súas caras negrexadas sobre as bordas, ofrecéronlle aquela mestura ó mar perverso. Tralo cal, despois de que O Desquite estivese a piques de varar na costa de Saint-Vincent, desembarcaron cambaleando.

A hora era matinal, e as caras pasmadas dos paisanos non encirriban para nada a cólera. O ánimo do mesmo Maior non estaba de xera para berros. Fixo pois con fachenda a compra de arroz e de legumes secos con porco salgado, que pagou (ó xeito dos piratas e ben nobremente, pareceulle a el) con dúas barricas de ron e unha vella maroma. Despois disto, os homes conseguiron penosamente reflotar O Desquite; e o Maior Stede Bonnet, todo cheo coa súa primeira conquista, fíxose de novo ó mar. Tivo a vela largada todo o día e toda a noite, sen saber en absoluto qué vento o empuxaba. Cara ó abrente do segundo día, cando adurmiñara contra o habitáculo do temoeiro, ben amolado polo machete e o trabuco, espertouno o berro:

—¡Hei da chalupa!

E viu a unhas 120 brazas (\*200 m) o botaló dunha nave que abaneaba. Un home moi barbudo estaba á proa. Unha bandeiriña negra ondeaba no mastro.

—¡Iza o noso pavillón de morte! —berrou o Maior Stede Bonnet.

E, decatándose de que o seu grao era de exército de terra, decidiu nese mesmo intre coller outro nome, seguindo ilustres exemplos. Sen esperar nada, respondeu logo:

—Chalupa O Desquite, mandada por min, capitán Thomas, cos meus compañeiros de fortuna.

Ó que o home barbudo soltou unha gargallada.

—Alégrome de atopalo, compañeiro —dixo—. Poderemos vogar de conserva. E veña beber un pouco de ron a bordo do Desquite da raíz Ana.

O Maior Stede Bonnet comprendeu de contado que atopara o capitán Teach, Barbanegra, o máis afamado dos que admiraba. Pero a súa ledicia foi menos grande do que pensara. Tivo a sensación de que ía perde-la súa liberdade de pirata. Taciturno, pasou a bordo do navío de Teach, que o recibiu moi graciosamente, co vaso na man.

—Compañeiro —dixo Barbanegra—, gústasme moito. Pero navegas con imprudencia. E se fas caso do que che digo, capitán Thomas, quedarás no noso bo barco, e farei que dirixa a túa chalupa este afoutado home moi experimentado que se chama Richards; e no navío de Barbanegra terás todo o tempo de gozar da existencia en liberdade dos homes de fortuna.

O Maior Stede Bonnet non ousou rexeitar. Liberárono do seu machete e do seu trabuco. Prestou xuramento sobre a machada (pois Barbanegra non podía atura-la vista dunha Biblia), e asignáronlle a súa ración de galletas e de ron, xunto coa súa parte nos botíns futuros. O Maior non imaxinara en absoluto que a vida dos piratas estivese tan regulamentada. Sufriu os furores de Barbanegra e as angustias da navegación. Saíndo de Barbados como cabaleiro, para ser pirata seguindo o seu maxín, viuse obrigado a facerse pirata de verdade no Desquite da raíz Ana.

Levou esta vida tres meses, durante os que axudou ó seu señor en trece abordaxes, e despois atopou xeito de volver pasar á súa propia chalupa, O Desquite, baixo as ordes de Richards. No que foi prudente, porque a noite seguinte o lugartenente Maynard, que chegaba de Bathtown, atacou a Barbanegra á entrada da súa illa de Okerecok. Barbanegra morreu no combate, e o lugartenente ordenou que lle cortasen a cabeza e a atasen na punta do seu bauprés; o que se fixo.

Mentres, o pobre capitán escapou cara a Carolina do Sur e navegou aínda varias semanas. O gobernador de Charlestown, avisado do seu paso, delegou no coronel Rhet para facerse con el na illa de Sullivans. O capitán Thomas deixouse prender. Levárono a Charlestown con gran pompa, baixo o nome de Maior Stede Bonnet, que volveu asumir tan pronto como puido. Puxérono na cadea ata o 10 de Novembro de 1718, cando compareceu diante da corte do vicealmirantado. O presidente do tribunal, Nicolas Trot, condenouno a morte, velaí vai o fermosísimo discurso:

—Maior Stede Bonnet, é convicto de dúas acusacións de piratería: pero sabe que ten pillado polo menos trece navíos. De xeito que podería ser acusado de once cargos máis; pero hannonos chegar dous —dixo Nicolas Trot—, porque son contrarios á lei divina que ordena: Non roubarás (Éxodo, 20, 15) e o apóstolo San Paulo declara expresamente que os ladróns non herdarán o reino de Deus (I Corintios, 6, 10). Pero ademais é culpable de homicidio: e os asasinos —dixo Nicolas Trot— terán a súa parte no estanque ardente de lume e de xofre que é a segunda morte (Apocalipse, 21, 8). E quén pois —dixo Nicolas Trot— poderá habitar coas ardores eternas? (Isaías, 33, 14) Ah! Maior Stede Bonnet, teño xustas razóns para temer que os principios da relixión coa que embeberon a súa xuventude —dixo Nicolas Trot— estean demasiado corrompidos pola súa mala vida e pola súa esaxerada aplicación á literatura e á va filosofía deste tempo; pois se o seu pracer estivese na lei do Eterno —dixo Nicolas Trot— e a tivese meditado día e noite (Salmos, 1,2) tería atopado que a palabra de Deus era unha lámpada ós vosos pés e unha luz nos vosos sendeiros (Salmos, 119, 105). Pero vostede non fixo así. Xa non lle queda máis que fiar no Cordeiro de Deus —dixo Nicolas Trot— que quita o pecado do mundo (Xan, 1, 29) que veu para salva-lo que estaba perdido (Mateo, 18, 11), e prometeu que nunca botará fóra o que veña a el (Xoán, 6, 37). De xeito que se quere volver a el, aínda que tarde —dixo Nicolas Trot—, coma os obreiros da undécima hora na parábola dos viñateiros (Mateo, 20, 6, 9) aínda poderá recibilo. Entrementres, o Tribunal pronuncia —dixo Nicolas Trot— que sexa conducido ó lugar da execución onde será pendurado pola gorxa ata que lle chegue a morte.

O Maior Stede Bonnet, tras escoitar con compunción o discurso do presidente do tribunal, Nicolas Trot, foi pendurado o mesmo día en Charlestown como ladrón e pirata.

## OS SRES. BURKE E HARE

### Asasinos

O señor William Burke elevouse da condición máis baixa deica un renome eterno. Naceu en Irlanda e empezou a traballar como zapateiro. Exerceu ese oficio durante varios anos en Edimburgo, onde fixo amizade co Sr. Hare, sobre o que tivo grande influencia. Na colaboración dos Sres. Burke e Hare, non cabe dúbida de que a potencia inventiva e simplificadora pertenceu ó Sr. Burke. Pero os seus nomes fican inseparables na arte, coma os de Beaumont e Fletcher. Viviron xuntos, traballaron xuntos e prendéronos xuntos. O Sr. Hare nunca protestou contra o favor popular que se vinculou particularmente á persoa do Sr. Burke. Un desinterese tan absoluto non recibiu a súa recompensa. Foi o Sr. Burke o que legou o seu nome ó procedemento especial que lles deu honra ós dous colaboradores. O monosílabo burke vivirá aínda por moito tempo na boca dos homes, cando xa a persoa de Hare estea desaparecida no esquezo que se estende inxustamente sobre os traballadores escuros.

Parece que o Sr. Burke achegou na súa obra a fantasía meiga da illa verde onde nacera. A súa alma debeu embeberse nos relatos do folclore. Hai, no que fixo, coma un resaibo distante das Mil e unha Noites. Semellante ó califa que vagaba ó longo dos xardíns nocturnos de Bagdad, desexou aventuras misteriosas, espertando a súa curiosidade os relatos descoñecidos e as persoas estranxeiras. Semellante ó grande escravo negro armado cunha pesada cimitarra, non atopou unha conclusión máis digna para a súa voluptuosidade cá morte para os outros. Pero a súa orixinalidade anglosaxona consistiu en que logrou sacalo partido máis práctico das súas vagabundaxes de imaxinación celta. Cando o seu pracer artístico terminara, ¿que facía o escravo negro, pregúntovos, cos que lles cortara a cabeza? Cunha barbarie moi árabe despezábaos para conservalos en sal nunha adegá. ¿Que proveito sacaba? Ningún. O Sr. Burke foi infinitamente superior.

Dalgún xeito o Sr. Hare serviulle de Dinarzade. Parece que o maxín do Sr. Burke foi excitado especialmente pola presenza do seu amigo. A ilusión dos seus soños permitiulles servirse dun faiado para aloxar nel as súas pomposas visións. O Sr. Hare vivía nun cuartíño no sexto piso dunha casa alta moi poboada de Edimburgo. Un sofá, unha gran tulla e algúns utensilios de aseo compuñían sen dúbida case todo o mobiliario. Enriba dunha mesiña había unha botella de whisky con tres vasos. O Sr. Burke tiña por norma recibir só unha persoa cada vez, nunca a mesma. O seu xeito era invitar a un descoñecido que pasaba por alí entre lusco e fusco. Vagaba polas rúas para examina-los rostros que espertaban a súa curiosidade. Algunhas veces elixía ó chou. Dirixíase ó descoñecido con toda a cortesía que tería utilizado Arun-Al-Raschid. O descoñecido subía os seis pisos do faiado do Sr. Hare. Cedíanlle o sofá, ofrecíanlle de beber whisky de Escocia. O Sr. Burke preguntáballe sobre os incidentes máis sorprendentes da súa existencia. Era un oínte insaciable o Sr. Burke. O relato interrompíao sempre o Sr. Hare antes da saída do día. A forma de interrupción do Sr. Hare era invariablemente a mesma e moi imperativa. Para interrompe-lo relato, o Sr. Hare tiña o costume de pasar por detrás do sofá e aplica-las mans na boca do relator. No mesmo momento, o Sr. Burke viña sentar sobre o seu peito. Ámbolos dous, nesta posición, soñaban, inmóbiles, coa fin da historia que nunca habían escoitar. Deste xeito, os Sres. Burke e Hare remataron un gran número de historias que o

mundo non coñecerá nunca.

Cando o conto fora detido definitivamente, xunto co alento do relator, os Sres. Burke e Hare exploraban o misterio. Espían ó descoñecido, admiraban as súas xoias, contaban os seus cartos, lían as súas cartas. A algunhas correspondencias non lles faltaba interese. Despois puñan o corpo a arrefriar na gran tulla do Sr. Hare. E aquí o Sr. Burke amosaba a forza práctica do seu espírito.

Era importante que o cadáver estivese fresco, pero non morno, para aproveitar ata as feces o pracer da aventura.

Nestes primeiros anos do século, os médicos estudiaban con paixón a anatomía; pero, por causa dos principios da relixión, experimentaban moitas dificultades a fin de procuraren suxeitos para disecalos. O Sr. Burke, como espírito ilustrado, dérase de conta desa lagoa da ciencia. Non se sabe cómo, amigou cun venerable e sabio practicante, o doutor Knox, que profesaba na facultade de Edimburgo. Quizais o Sr. Burke seguira cursos públicos, aínda que a súa imaxinación debeu facelo inclinarse máis ben polos gustos artísticos. O que é certo é que lle prometeu ó doutor Knox que lle había axuda-lo mellor que puidese. Pola súa banda, o doutor Knox comprometeuse a pagarlle as súas penas. A tarifa ía descendendo dende os corpos dos mozos ata os corpos dos vellos. Estes interesábanlle mediocrementemente ó doutor Knox. Tamén era esa a opinión do Sr. Burke –pois de ordinario tiñan menos imaxinación–. O doutor Knox fíxose célebre entre tódolos colegas pola súa ciencia anatómica. Os Sres. Burke e Hare aproveitáronse da vida coma diletantes. Sen dúbida, convén situar nesta época o período clásico da súa existencia.

Porque o xenio todopoderoso do Sr. Burke levouno pronto alén das normas e das regras dunha traxedia na que había sempre un relato e un confidente. O Sr. Burke evolucionou só (sería pueril invoca-la influencia do Sr. Hare) cara a unha especie de romanticismo. O decorado do faiado do Sr. Hare xa non lle chegaba, inventou o procedemento nocturno na brétema. Os numerosos imitadores do Sr. Burke embazaron un pouco a orixinalidade do seu xeito. Mais velaquí a verdadeira tradición do mestre.

A fecunda imaxinación do Sr. Burke cansara dos relatos eternamente semellantes da experiencia humana. Nunca o resultado respondera ás súas esperanzas. Chegou a interesarse só no aspecto real, sempre variado para el, da morte. Localizou todo o drama no desenlace. A calidade dos actores xa non lle interesaba. Formouse con eles ó chou. O único accesorio do teatro do Sr. Burke foi unha máscara de tea chea de pez. O Sr. Burke saía polas noites de brétema, coa máscara na man. Acompañábao o Sr. Hare. O Sr. Burke esperaba polo primeiro transeúnte, camiñaba diante del, despois, virándose, aplicáballe a máscara de pez na cara, súbita e solidamente. Axiña, os Sres. Burke e Hare, cada un por seu lado, facíanse cos brazos do actor. A máscara de tea chea de pez presentaba a simplificación xenial de afogar á vez os berros e o alento. Ademais era trágica. A brétema esvaecía os xestos do papel. Algúns actores parecían mimar un borracho. Unha vez que acababa a escena, os Sres. Burke e Hare collían un cab, desequipaban ó personaxe; o Sr. Hare vixiaba os traxes e o Sr. Burke subía un cadáver fresco e limpo á casa do doutor Knox.

É aquí onde, en desacordo coa maioría dos biógrafos, deixarei ós Sres. Burke e Hare no medio da súa aureola de gloria. ¿Por que destruír un efecto artístico tan bonito levándoos languidecendo ata a fin da súa carreira, revelando os seus erros e as súas decepcións? Chega con velos coa máscara na man, errando polas noites de brétema. Xa que a fin da súa vida foi vulgar e semellante a tantas outras. Parece que colgaron a un deles e que o doutor Knox tivo que deixa-la facultade de Edimburgo. O Sr. Burke non deixou outras obras.